



Programa
ELEIÇÕES ***Marco***
Municipais

INDICE

INTRODUCCIÓN	5
I. DEMOCRATIZACIÓN DA VIDA MUNICIPAL E PARTICIPACIÓN VECIÑAL	5
1. DEMOCRATIZACIÓN DA ADMINISTRACIÓN LOCAL	5
2. PARTICIPACIÓN CIDADÁ	6
a) Obxectivos da Participación Cidadá	6
b) Instrumentos de Participación Cidadá	6
c) Os Consellos Sectoriais	7
d) O Movemento Asociativo	7
e) Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade	8
II. ADMINISTRACIÓN LOCAL GALEGA	8
1. COMARCAS	8
a) Competencias comarcais	8
b) Órgaos	9
c) Financiamento	9
2. PARRÓQUIAS	9
a) Competencias parroquiais	9
b) Consello Parroquial	9
III. DESENVOLVIMENTO LOCAL E PROMOCIÓN DO EMPREGO	10
1. TERRITÓRIO E ACTIVIDADE EMPRESARIAL	10
2. CRITÉRIOS PARA O DESENVOLVIMENTO E A PROMOCIÓN DE EMPREGO LOCAL	11
3. MEDIDAS ORIENTADAS Á PROMOCIÓN EMPRESARIAL	12
4. MEDIDAS ORIENTADAS Á FORMACIÓN E AO EMPREGO	13
5. MEDIDAS ORIENTADAS Á ORDENACIÓN TERRITORIAL PARA AS ACTIVIDADES AGRÁRIAS, INDUSTRIAIS E DE SERVIZOS	14
IV. FACENDA LOCAL E POLÍTICA FISCAL	15
1. PRINCÍPIOS BÁSICOS APLICÁBEIS ÁS FACENDAS LOCAIS	15
2. PROPOSTAS RELATIVAS AO MARCO FISCAL ACTUAL	16
a) Impostos	16
b) Taxas e prezos públicos	16
c) Transferencias	16
d) Arrendamentos e concesións	17
e) Endebedamento	17

V. ORDENACIÓN TERRITORIAL	17
1. CRITÉRIOS BÁSICOS	18
2. ACTUACIÓNS SECTORIAIS	19
a) Urbanismo	19
b) Vivenda	19
c) Património arquitectónico	20
3. SERVIZOS BÁSICOS	20
a) Abastecimento da auga ás poboacións	20
b) Tratamento dos Resíduos Sólidos Urbanos	20
c) Tratamento dos residuos líquidos	21
d) Abastecimento de enerxía	21
e) Equipamentos e zonas recreativas	22
VI. MEIO AMBIENTE	22
1. PRINCIPAIS RETOS DA POLÍTICA MEIO-AMBIENTAL	22
2. MELLORA DO MEIO AMBIENTE URBANO	22
3. ACTUACIÓNS SECTORIAIS	23
a) Contaminación ambiental	23
b) Contaminación acústica	23
c) Incéndios	24
d) Espazos naturais	24
e) Animais abandonados	24
4. CONCELLERÍA DE MEIO AMBIENTE E CONSELLO MUNICIPAL DE MEIO AMBIENTE	24
VII. POLÍTICA LINGÜÍSTICA	25
1. CRITÉRIOS	25
2. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACTUACIÓN	25
VIII. CULTURA	26
1. LIÑAS DE ACTUACIÓN	27
a) Asociacionismo cultural	27
b) Infraestruturas	27
c) Dinamización cultural	27
d) Património cultural	28
IX. POLÍTICA EDUCATIVA	29
1. BASES PARA UNHA COLABORACIÓN MUNICIPAL NA POLÍTICA EDUCATIVA	29
a) Rede de centros educativos non universitarios	29
b) Mantimento dos centros educativos	29
c) Cesión de terreos e urbanización dos mesmos	30

d) Servizos complementares	30
e) Actividades complementares extraescolares	30
f) Uso das instalacións dos centros educativos	30
2. MEDIDAS DE COLABORACIÓN E PARTICIPACIÓN NA POLÍTICA EDUCATIVA	30
a) Educación infantil	30
b) Educación obrigatoria (Primaria e ESO)	30
c) Educación secundaria postobrigatoria (Bacharelato e Formación Profesional)	31
d) Ensino Universitario	31
e) Bolsas e axudas ao estudo	31
f) Formación ocupacional e programas de garantía social	31
g) Educación permanente de persoas adultas	31
h) Ensinanzas artísticas	31
i) Participación social na educación	31
3. CONTRIBUCIÓN MUNICIPAL AOS PRINCÍPIOS EDUCATIVOS	32
X. SANIDADE	32
1. PROMOCIÓN DA PARTICIPACIÓN ACTIVA DA COMUNIDADE	33
2. PLANIFICACIÓN SANITARIA MUNICIPAL ESPECIFICA	33
a) Programa de mellora dos mercados públicos	33
b) Control das condicións hixiénico-sanitarias dos establecementos adicados a elaboración, almacenaxe, transporte e distribución de alimentos	34
c) Actividades molestas, nocivas e perigosas	34
d) Servizos veterinarios municipais	34
3. PROGRAMAS INTERSECTORIAIS	34
a) Educación para a saúde	34
b) Integración progresiva das cidades galegas na Rede das Cidades Saudábeis	34
4. MELLORA DA ATENCIÓN SANITARIA	34
a) Atención sanitaria especializada	35
b) Atención primaria	35
c) Atención a urxencias	35
XI. SERVIZOS SOCIAIS	35
1. CRITÉRIOS BÁSICOS PARA A DEFINICIÓN DA POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL	35
a) Políticas de benestar abertas á participación cidadá	35
b) Promoción da autoorganización cidadá	35
c) Desenvolvemento de políticas integrais para a articulación comunitaria	36
d) Priorizar as intervencións preventivas	36
e) Promover a igualdade de oportunidades e a solidariedade institucional	36
f) Intervencións descentralizadas	36
g) Normalización	36
2. CONCELLERÍA DE BENESTAR SOCIAL E REORG. DOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS	35
3. INTERVENCIÓNS PRIORITARIAS	37
a) A reorganización do Departamento de Benestar social	37

b) A institucionalización de comisións interdepartamentais, para o deseño, execución, seguemento e avaliación de programas transversais como o Plano de Loita Contra a Pobreza ou o Plano de Igualdade de Oportunidades.	37
4. EQUIPAS E EQUIPAMENTOS DOS SERVIZOS SOCIAIS	37
5. AS PRESTACIÓNS SOCIAIS BÁSICAS	37
a) Servizo de Información e Orientación (SIO)	38
b) Servizo de Axuda a Domicilio (SAD)	38
c) Servizo de Inserción e Convivencia Social	38
6. PROGRAMAS SECTORIAIS ESPECÍFICOS	38
a) Programas para persoas maiores	38
b) Persoas discapacitadas	38
c) Minorías étnicas	38
d) Abordaxe do problema da drogadicción	39
XII. POLÍTICA PARA A MOXIDADE	39
1. ACTUACIÓN INSTITUCIONAL	40
2. GARANTIR A PARTICIPACIÓN	40
3. RECURSOS	41
4. ACTUACIÓNS SECTORIAIS	41
a) Emprego	41
b) Cultura	42
c) Ensino	42
d) Vivenda	42
e) Sanidade	42
f) Transporte	42
g) Deportes	42
h) Ecoloxismo	43
i) Antimilitarismo	43
XIII. POLÍTICAS ESPECÍFICAS DE ATENCIÓN ÁS MULLERES	43
1. ALTERNATIVAS INSTITUCIONAIS	43
2. ACTUACIÓNS SECTORIAIS	44
a) Economía	44
b) Sanidade	45
c) Ensino	45
d) Deporte	45
e) Servizos Sociais	45
f) Cultura	45
XIV. DEPORTE	45
1. OS CONCELLOS COMO PROMOTORES DAS ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS	46
2. OBJECTIVOS DA POLÍTICA LOCAL DE DEPORTES	47

INTRODUCCIÓN

Para lograr a hexemonia política resulta básico o enraizamento local do BNG e a súa expansión e consolidación en todo o territorio, de forma específica através das institucións municipais. O estruturamento da administración territorial de Galiza constitui un obxectivo prioritario para o nacionalismo galego. A verificación dos obxectivos establecidos para estes comicios municipais, confirmando o ascenso das eleccións autonómicas, afianzará ao BNG como forza política e alternativa ao goberno da Xunta de Galiza, e garantirá unha base sólida para a asunción do Goberno galego, avanzando no camiño da autodeterminación.

Os eixos argumentais que guiaron a súa elaboración foron:

1. A urxencia de que os concellos se conviryan en axentes fundamentais no proceso de democratización da nosa sociedade, desenvolvendo unha política na que primen a transparencia e a equidade, afortallando ao mesmo tempo os niveis básicos da organización social e a participación popular nas decisións políticas.
2. O recoñecemento de que os concellos, xunto coas comarcas e as parroquias, constitúen as estruturas básicas da vertebración da organización político-administrativa do territorio galego.
3. A convicción de que os concellos deben ser elementos activos na recuperación da conciencia da identidade nacional, o uso do galego en todas as actividades sociais, a difusión e posta en valor da cultura galega, e o coñecemento da historia de Galiza.
4. A necesidade de que os concellos incidan na promoción económica e do emprego e proporcionen a infraestrutura básica e os servizos que propicien o benestar social, sobre a base dunha xestión municipal caracterizada pola máxima eficacia e a rendibilización dos recursos existentes.

Este programa define a posición estratéxica do nacionalismo galego en relación coa integración dos concellos no proceso político de emancipación da nación galega. O seu carácter de marco atribúelle unha visión da construción nacional de Galiza desde o ámbito local, desde as comarcas, os concellos e as parroquias, é dicir, desde o nivel máis próximo aos cidadáns e cidadás, e máis propicio para a súa participación directa. É por iso que nalgúns casos, o texto supera as competencias municipais e a vixente estrutura administrativa local, para deixar ver, con toda claridade, o deseño de país que queremos.

I. DEMOCRATIZACIÓN DA VIDA MUNICIPAL E PARTICIPACIÓN CIDADÁ

1. DEMOCRATIZACIÓN DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

É imprescindible establecer as medidas necesarias para erradicar dos concellos e das deputacións as prácticas caciquis e clientelares, asegurando un trato sen privilexios e igualitario para todos os cidadáns. Co obxectivo da democratización da vida municipal, o BNG impulsará nos concellos medidas orientadas a:

- Simplificar a burocracia, achegando os trámites administrativos aos cidadáns e cidadás, flexibilizando as relacións interinstitucionais e axilizando os procesos de resolución. Facilitando, ademais, mecanismos de acceso aos datos técnicos que obren en poder das administracións públicas que podan ter unha utilidade técnica, profesional ou de estudo.
- Garantir a transparencia e a equidade no acceso á función pública local e nas contratacións de persoal, tanto nas administracións locais como nas empresas, entes ou fundacións dependentes delas, de xeito que todas as contratacións se fagan en función dos méritos e capacidade dos/as aspirantes, axilizando os trámites de resolución, primando o carácter profesional da selección e tendendo a separar as convocatorias abertas das de promoción interna.
- Garantir a transparencia e a equidade en todos os concursos públicos e en todas as contratacións de obras ou servizos a cargo da Administración Local.
- Restringir o gasto publicitario das Administracións Locais á información aos cidadáns, erradicando a práctica habitual do "autobombo" das institucións.
- Estabelecer criterios obxectivos que orienten as Políticas de Apoio e Subvención cara a clubs, asociacións, fundacións, etc., que permitan participar a todos en pé de igualdade, ao tempo que se asegura a súa funcionalidade social. Transparencia e publicidade en todas as liñas de actuación que inclúan aporte de diñeiro público.

Asemade, o BNG garantirá desde os gobernos municipais o labor fiscalizador e de control do Pleno da Corporación, facilitando o acceso á información e poñendo a disposición dos grupos da oposición os medios materiais e técnicos necesarios para o desenvolvemento das súas funcións.

2. PARTICIPACIÓN CIDADÁ

A participación cidadá é o alicerce da política municipal do BNG, o meio para facer a acción de goberno o máis acaída posíbel ás demandas e necesidades da poboación, e ao mesmo tempo acadar o apoio social necesario para a súa realización.

A participación cidadá, xa que logo, non se limitará á consulta prévia sobre os proxectos municipais en calquer área de goberno, senón que procurará implicar no posíbel aos colectivos sociais interesados na súa execución, a través dos mecanismos máis idóneos en cada caso (convénios de colaboración, comisións de seguimento, participación en órganos de goberno e en organismos autónomos municipais, etc...)

a) Obxectivos da Participación Cidadá

- Democratizar a vida municipal, eliminando o autoritarismo e o caciquismo.
- Consolidar unha organización territorial acorde co noso país: parroquias, distritos e barrios urbanos, deben ser a organización básica onde se concrete a acción municipal e a participación na mesma.
- Reforzar a organización social, criando un tecido asociativo dinámico
- Aumentar a conciencia cidadá a través da participación na toma de decisións.
- Buscar o respaldo social máis amplo posíbel por meio do diálogo cos sectores implicados.
- Facer transparente e áxil a xestión municipal.
- Convertir o Concello nunha institución ao servizo de toda a poboación.

b) Instrumentos de Participación Cidadá

A lexislación contempla os suficientes dereitos cidadáns e mecanismos de participación para, de existir vontade política, poder formalizar e regulamentar a participación cidadá na vida municipal.

O Rexistro Municipal de Asociacións é un instrumento para o recoñecemento e verificación da repre-

sentatividade das entidades cidadás intervinentes no ámbito do Concello. Permitindo unha política non clientelista nen arbitraria á hora de designar interlocutores, conceder axudas, etc; ademais de servir de radiografía do movemento social realmente actuante.

O Rexistro conterá os datos de cada asociación (directiva, número de socias/os, fins, actividades principais, etc.) así como a memoria anual de actividades, as axudas recibidas por administracións e particulares para o seu funcionamento e a programación de actividades para o vindeiro ano, etc. Os datos deberán ser renovados anualmente.

Paralelamente ao Rexistro deberá-se elaborar un Regulamento que fixe os criterios obxectivos para acceder a axudas municipais, ben sexa por medio de subvencións ou por calquer outra vía. Asímismo deberá fixar os mecanismos de control municipal sobre o bon fin dos fondos públicos entregados.

O Regulamento Orgánico do Concello debe contemplar o dereito e os mecanismos de acceso á información municipal, o dereito á consulta, á participación dos veciños e veciñas nos órganos municipais (nomeadamente o Pleno), o recoñecemento das entidades representativas a nivel social, e os organismos de Participación como son os Consellos Parroquiais (de barrio ou distrito nas cidades) e os Consellos Sectoriais.

O Regulamento de Participación Cidadá, como normativa específica que recolla todos os dereitos, organismos e mecanismos de acceso cidadán á vida municipal debe ter o mesmo rango que o Regulamento Orgánico do Concello (R.O.C.) e mesmo ser aprobado como anexo a este.

Os Consellos Territoriais (de parroquia, barrio ou distrito) terán ao fronte un responsable político (alcalde ou delegado), contarán cun representante de cada forza política con representación municipal e procurarán na súa composición a máxima representación das entidades da parroquia (comunidades de montes, asociacións veciñais, comunidade de augas, asociacións deportivas, de festas, culturais...)

As súas competencias virán determinadas en cada caso dependendo do nivel de desenvolvemento do tecido social e consistirán cando menos, en axudar a elaborar, debater e facer seguimento e avaliación dos Planos de Actuación Municipal no ámbito da parroquia, así como a priorización das actuacións nel contidas. Debatirán cada ano, as partidas orzamentarias adicadas a obras, servizos, dotacións e infraestruturas a realizar na parroquia.

Deberán ser escoitados para calquer actuación municipal a realizar no seu ámbito.

c) Os Consellos Sectoriais

Serán organismos de debate e seguimento dos programas de cada área municipal (Deportes, Cultura, Muller, Meio Ambiente...). Terán acceso á información do Departamento correspondente e contarán con representación dos grupos da Corporación, presidindo a/o Concelleira/o-Delegada/o. Formará-no entidades de acreditada representatividade cuxa actividade estexa vencellada á área municipal en cuestión. Os consellos territoriais e sectoriais poderán elevar propostas aos órganos de goberno da Corporación para o seu debate e toma en consideración.

Contarán coa axuda técnica e administrativa que sexa posible ofrecer-se-lle por parte municipal co fin de poder realizar o seu labor.

d) O Movemento Asociativo

A democracia participativa exige de organizacións sociais fortes e representativas que entablen diálogo co Concello através de canles de Participación establecidas.

Esta dialéctica Movemento Asociativo (nomeadamente as asociacións veciñais, mais tamén APAS, clubs, comunidades de montes, asociacións empresariais e un longo etc) - Institución Municipal é a que permite avanzar unha acción de goberno realmente transformadora das condicións de vida dos cida-

dáns e cidadás. Os gobernos do BNG fomentarán xa que logo, non só talantes e normativas democratizadoras da vida municipal senón que potenciarán o asociacionismo, dando-lle o protagonismo que lle corresponde e recoñecendo a súa representatividade, apoiando as súas actividades e integrando-as na programación municipal mediante convénios de colaboración.

e) Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

O BNG apoiará a participación dos concellos no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade creado co apoio da FEGAMP en 1997, co fin de afortalar e impulsar as súas actividades.

II. ADMINISTRACIÓN LOCAL GALEGA

Os concellos constitúen ámbitos territoriais e administrativos que, xunto coas entidades territoriais propias de Galiza (comarcas e parroquias), configuran a súa estrutura organizativa territorial básica. Por iso, na perspectiva de vertebrarmos institucionalmente o país sobre a base dos seus sinais de identidade, a política institucional do BNG irá encamiñada a artellar funcionalmente as parroquias e as comarcas.

1. COMARCAS

O BNG entende que a Comarca é a unidade básica territorial de Galiza e debe ser dotada de personalidade xurídica, tendo portanto unha extraordinaria importancia como delimitación chave na ordenación do territorio, xa que posúe as dimensións máis acaídas para ser o espazo que acolla a imensa maioría das implantacións necesarias para a vida económica, social e cultural da poboación dos concellos e parroquias integrados nela.

Por todo iso, o nacionalismo galego, logo do seu asentamento definitivo nos gobernos municipais, demandará da Xunta de Galiza a promulgación urxente dunha Lei que recoñeza a personalidade xurídica das comarcas, non só para dar cumprimento a un mandado estatutario, cousa de seu importantísima, senón porque tal cumprimento é esencial para o desenvolvemento integral do noso país. Porén, o recoñecemento xurídico, con ser esencial, non abonda. É preciso demandar igualmente das institucións a dotación dos medios humanos, económicos e financeiros a prol das comarcas, comezando, como é lóxico, por aquelas nas que o consenso sobre a súa delimitación sexa completo.

O BNG impulsará un proceso de comarcalización, real e efectiva, de Galiza, que se axustará aos seguintes criterios:

- O proceso contará necesariamente cos concellos afectados e terá como horizonte rematar coa comarcalización efectiva na próxima lexislatura.
- Comezará-se polas comarcas xa perfectamente definidas no social, cultural, económico e xeográfico e con capacidade de actuación para dinamizar sectores produtivos básicos.
- Incentivará-se que as mancomunidades existentes, agrupacións de municipios, consorcios e territorios urbanos das cidades vaian confluindo progresivamente e enchendo de contido as comarcas ao tempo que se produce unha simplificación administrativa.
- As comarcas asumirán progresivamente a meirande parte das actividades que hoxe desenvolven as

a) Competencias comarcais

- Elaboración baixo as directrices establecidas pola Xunta de Galiza dun Plano de Desenvolvemento Comarcal. Participación na xestión e seguimento do mesmo.
- Ordenación, xestión e coordinación, segundo os casos, dos servizos comarcais que se oferezan:

transporte comarcal, urbanismo, política sobre os residuos sólidos, bombeiros, etc.

- Aprobar o orzamento comarcal.

b) Órgaos

- O Consello Comarcal será o órgano reitor da Comarca e será elixido sobre a base dunha fórmula mixta; por unha banda, un representante de cada un dos concellos afectados e, por outra, unha representación proporcional das forzas políticas que obtiveren representación na comarca nas eleccións municipais.

- A estrutura administrativa estará en función das competencias e dos servizos que ofrece a comarca pero en calquer caso aproveitará a estrutura cedida polas propias Deputacións.

c) Financiamento

- Os fondos que se transfiran de outras administracións para a xestión de servizos que adquiren o carácter comarcal.

- Os fondos que orzamentariamente determine a Xunta de Galiza para desenvolver as accións previstas no Plano de Desenvolvemento Comarcal.

- A participación nos ingresos provinciais derivados da asunción de competencias e servizos deste tipo que se determinen.

A xestión comarcal de determinados servizos municipais, xunto coa asunción polas comarcas de boa parte das competencias que hoxe ostentan as Deputacións provinciais, vai permitir avanzar na igualación do nivel de prestación de servizos esenciais a toda a cidadanía, con independencia de cal sexa o seu concello de residencia, ou da súa ubicación no medio rural ou urbano.

O aproveitamento das economías de escala a nivel comarcal permitirá a xeralización de determinados servizos, como por exemplo o transporte público municipal, e o establecemento de servizos novos que demanda a poboación.

2. PARRÓQUIAS

O recoñecemento administrativo das parroquias e a constitución dos Consellos Parroquiais, ademais de contribuir a unha asignación máis eficiente dos recursos municipais, debe entender-se como un paso decisivo para o fomento da participación cidadá directa na política municipal, e polo tanto, esencial para a democratización da vida interna dos concellos.

Por iso, o BNG nos concellos, impulsará un proceso de dotar, paulatinamente, ás parroquias de personalidade xurídica, comezando polas que teñan existencia e virtualidade social xa na actualidade.

a) Competencias parroquiais

- Xestionar, de acordo cos concellos, o uso dos locais parroquiais.

- Participar, através do Consello Municipal de Parroquias, na elaboración da política municipal de investimentos que se decida no pleno do concello.

- Xestionar as masas comúns resultantes das Concentracións Parcelarias.

- Ser escoitada nas decisións municipais que afecten directamente a parroquia ou aos servizos municipais que se presten na mesma.

- Obras menores de carácter parroquial abordadas cos seus propios recursos.

- Aquelas que delegue o concello na entidade parroquial.

b) Consello Parroquial

O BNG promoverá a constitución de Consellos Parroquiais en todos os concellos. Estes consellos estarán compostos polo alcalde, representantes das forzas políticas con representación municipal e entidades inscritas no rexistro municipal de asociacións.

III. DESENVOLVIMENTO LOCAL E PROMOCIÓN DO EMPREGO

Segundo os datos oficiais máis recentes, nos últimos dez anos a poboación galega reduciu-se en máis de 100.000 habitantes. Aínda que existen razóns de tipo demográfico (caída das taxas de natalidade e fecundidade, avellentamento da poboación), esta tendencia explica-se, en boa parte, por motivos económicos e culturais.

Así, son os pequenos concellos rurais do interior de Galiza os máis afectados polo despovoamento; estes concellos adoitan presentar ademais eivas tais como: caída da poboación agrícola, o baixo nivel de renda, caréncia ou deficiencia de infraestruturas en xeral pero especialmente de transporte e comunicación, falla de servizos esenciais, aillamento relativo a respecto doutros centros de poboación, o distanciamento dos centros de decisión e poder e das redes de financiamento, dos eixos de desenvolvemento, a falta de cultura industrial e empresarial, limitación das oportunidades para ampliar a formación superior ou técnica ou, alonxamento dos mercados principais.

Para superar esta situación e invertir a tendencia demográfica, é necesario que as institucións adopten políticas activas de promoción do emprego, pero iso só non abonda, é necesario ademais, que a xeración de emprego se reparta equilibradamente por todo o territorio. Para logra-lo, o BNG defende a implicación dos concellos como axentes dinamizadores do desenvolvemento económico local.

1. TERRITÓRIO E ACTIVIDADE EMPRESARIAL

A relación entre actividade empresarial e territorio concretada na localización, traduce-se nunha estrutura económica espacial específica, definida pola diferente importancia relativa de empresas, emprego, produción, investimentos, etc., que actúan na organización espacial exercendo diferentes impactos que xustifican a intervención pública através das políticas de ordenación territorial, planeamento urbanístico e medio-ambiental.

A estrutura do territorio incide nas decisións empresariais en función da abundancia, calidade e custe dos recursos naturais, laborais e infraestruturas dispoñíbeis, da súa accesibilidade e do marco institucional existente para facilitar o xurdimento de iniciativas xeradoras de emprego.

O obxectivo estratéxico das políticas de desenvolvemento local baseará-se no fomento da capacidade empresarial e organizativa de carácter local, xunto á importación do "saber facer" exterior ao seu ámbito, instrumentando-se actuacións diversas orientadas a resolver problemas estruturais como a mellora dos transportes e as comunicacións, a dotación de solo empresarial e de centros de formación ocupacional, mellorando a calificación da forza de traballo e impulsando a difusión da cultura empresarial, a información técnica ou a mellora da capacidade empresarial.

Dada a forte diversidade de situacións existentes non hai un modelo de desenvolvemento local válido para calquer espazo e tempo, por canto as circunstancias sócio-territoriais de cada comarca, mancomunidade, área territorial urbana ou municipio difiren suficientemente para invalidar un único modelo, o que fai preciso unha análise particular realizada por meio de planos específicos, consensuados e que contén coa implicación do conxunto de axentes locais, cuxo obxectivo final sexa consolidar e transformar o sistema produtivo local e concebidos, polo tanto, a medio e longo prazo, e que tendo en conta as condicións específicas existentes (nivel de industrialización, actividades predominantes, localización concentrada ou dispersa, intensidade dos fluxos interempresariais, grao de especialización e diversificación produtiva,...), e

as potencialidades da área en consideración, identifican as actuacións máis convenientes e axeitadas ao ámbito espacial, fuxindo das medidas xenéricas e homoxéneas.

A coordinación de estratexias sectoriais, horizontais e territoriais resulta, polo tanto, básica para evitar os efectos contrapostos e o despilfarro de recursos, da mesma maneira que resulta absolutamente prioritaria a coordinación das políticas públicas nos diferentes niveis institucionais para acadar a necesaria efectividade das actuacións.

Asimesmo, deberá-se contemplar un aproveitamento integral dos bens e recursos propios, baseando o desenvolvemento local na utilización racional, equilibrada e dinámica do conxunto de recursos físico-naturais, humanos, culturais e financeiros, de maneira que a mellora das vantaxes do territorio se concrete:

1. Nun reforzamento da estrutura empresarial, apoiando a capitalización e saneamento financeiro non indiscriminado e clientelista, que fomente de maneira eficaz e real as iniciativas empresariais.
2. Na mellora cuantitativa e cualitativa da formación dos traballadores e empresários, dos mercados de capitais específicos para as Pemes, da produción, transferencia e difusión da innovación, e dos equipamentos sociais e infraestruturas.
3. Na potenciación das relacións interempresariais, da oferta e demanda de servizos á produción, e a creación de centros de empresas para dinamizar o entorno empresarial e facilitar a creación de novas empresas e a súa consolidación (sementeiras de empresas), a modernización do tecido empresarial e a creación de emprego, contando con locais modulares (naves niño) e espazos comuns adicados á prestación de servizos administrativos, de asesoría e xestión empresarial, información sobre mercados, axudas procedentes dos diferentes organismos europeos, estatais e nacionais, novas técnicas comerciais, tratamento informático,...
4. Na integración das actuacións de promoción, dirixidas ao medre da actividade económica, e as de carácter urbanístico, para a mellora cualitativa do territorio, mesmo en certos casos, através da denominada planificación estratéxica, a partir dunha metodoloxía participativa.
5. No establecemento dunha política de ordenación da actividade empresarial que se axuste ás características, volume e distribución espacial da demanda empresarial, fronte ao dislate da política seguida neste eido pola Xunta utilizando eleitoralmente o territorio e sen resultados prácticos como o demostra que dos 123 polígonos industriais afrontados en tan só 23 deles existe algunha actividade de consideración.

2. CRITÉRIOS PARA O DESENVOLVIMENTO E A PROMOCIÓN DE EMPREGO LOCAL

1. O desenvolvemento local é sinxelo nominalismo sen un desenvolvemento global do país no que se produce. Este, só poderá facer-se realidade a medio e longo prazo se ao mesmo tempo existe desenvolvemento integral do país e nesta medida, que haxa un compromiso efectivo por parte do Goberno galego de manter unha capacidade produtiva que impida o abandono dos povos que hoxe continua a producir-se. Tal desenvolvemento integral do país que teña como obxectivos prioritarios a creación de emprego e o equilibrio territorial debe complementar-se cun desenvolvemento local centrado na posta en valor dos recursos endóxenos.
2. Colaboración coordinada entre os diferentes niveis da Administración.
3. A participación dos axentes sociais (forzas políticas, asociacións agrarias, empresariais, sindicatos,...).
4. Elaboración dun plano de desenvolvemento local que parta do aproveitamento dos recursos pró-

prios, a potenciación dos sectores esenciais presentes e a creación de infraestruturas de todo tipo precisas para favorecer o anterior e acadar unha integración adecuada co resto do país e cos eixos de desenvolvemento.

5. Creación dun organismo comarcal (axencia de desenvolvemento, oficina de promoción económica e emprego,...) no que se coordinen as decisións para concretar esa política, contando cunha participación representativa e que involucre á Administración en todos os seus niveis, especialmente o respecto dos recursos procedentes das administracións implicadas, para evitar solapamentos e ineficiencias, así como para que os recursos humanos, técnicos e financeiros que mobiliza a política de desenvolvemento local acade unha certa masa crítica mínima.
6. Avaliación das fortalezas e debilidades locais, das súas oportunidades e retos, que permita unha definición de obxectivos e acordar un plano de actuación, baseando a estratexia de desenvolvemento na cooperación pública e privada.
7. Consideración integral do desenvolvemento que teña en conta os problemas existentes nas áreas educativa, de vivenda e outras infraestruturas e equipamentos, social, económica e medio-ambiental.
8. Realización dunha política integrada en materia de mercado laboral, mediante a comarcalización do INEM, utilizando os Servizos Integrados para o emprego como centro operativo esencial.
9. Necesidade de coordinación interna das áreas municipais referidas ao urbanismo e á promoción, así como novas fórmulas para simplificar os trámites de obtención das licencias de apertura das novas iniciativas.
10. A diversificación é a mellor garantía para facer fronte ás fases descendentes do ciclo das empresas principais do territorio. O problema esencial a resolver é o desenvolvemento de novas actividades e a mellora da súa capacidade de adaptación aos cambios, a conservación e potenciación do tecido empresarial, e dos recursos naturais e agrarios.

3. MEDIDAS ORIENTADAS Á PROMOCIÓN EMPRESARIAL

1. Programas de desenvolvemento e diversificación rural, impulsando a agro-industria apartir da transformación dos recursos primarios; do comercio e do turismo, ofrecendo novas posibilidades para o xurdimento de iniciativas que incidan positivamente no entorno natural e sexan compatibles coa cultura e costumes locais, segundo as circunstancias específicas de cada espazo local.
2. Integración comarcal dos servizos esenciais para a comunidade.
3. Creación de consorcios entre os concellos e as sociedades veciñais de montes mancomunados, impulsando fórmulas de uso como a repovoación forestal e a utilización forestal do monte; proxectos alternativos de gandería; fins cinxéticos; ou acrescentar o seu valor económico impedindo a súa degradación.
4. Aproveitamento do patrimonio arquitectónico en desuso.
5. Fomento de cooperativas e empresas de economía social.
6. Recuperación da artesanía, potenciada através das escolas-obradoiro e casas de oficio. Prestación de servizos aos artesáns sobre novas tecnoloxías e materiais.
7. Mellora dos equipamentos sociais así como das actividades de hostelería e das infraestruturas turísticas (albergues, áreas de recreo, casas de cultura, piscinas públicas, sinalización de roteiros, rehabilitación do conxunto etnográfico,...), elevando a calidade residencial dos municipios.
8. Creación de sementeiras de empresas, ligadas ou non a centros de empresas, através da oferta de

locais adecuados de baixa renda por un tempo determinado, até que se consolide a iniciativa ou amose a súa inviabilidade.

9. Definición dun organismo público ou semi-público de intermediación que ofereza os recursos precisos para superar atrancos actuais das Pemes --como a falta de asesoramento financeiro, a insuficiente capitalización empresarial e a presenza dunha estrutura financeira excesivamente dependente do financiamento a curto prazo--, facilitando o acceso ao creto; avais para conseguir recursos adicionais do sector privado; a aportación de capital para as novas iniciativas; ou asesoramento na preparación de estudos de viabilidade.

4. MEDIDAS ORIENTADAS Á FORMACIÓN E AO EMPREGO

-Vexan-se as medidas específicas para a promoción do emprego da mocidade e das mulleres nos capítulos respectivos deste Programa Marco -

1. Estructuración das políticas activas de emprego e formación do INEM a nivel comarcal, conformando os servizos integrados para o emprego para a análise do mercado de traballo local e adoptar as diferentes accións dirixidas a facilitar a colocación dos demandantes de emprego, realizando as prospeccións e mantendo sistemas de comunicación estábel coas empresas e outras entidades relacionadas co mundo laboral, que lle permita cumprir de maneira eficaz as funcións de xestión activa do emprego para lograr a inserción laboral ou o autoemprego.
2. Criación de centros de formación ocupacional que procuren a cualificación permanente dos traballadores, previo coñecemento do mercado de traballo, aproximando a oferta á demanda, de acordo coas necesidades empresariais, evitando as disfuncionalidades que hoxe existen nese ámbito.
3. Criación de talleres ocupacionais e escolas-obradoiro para mozos e mozas desempregados/as, combinando traballo e formación en ocupacións relacionadas coa recuperación do patrimonio monumental, equipamentos sociais e recuperación de oficios artesanais con novas posibilidades.
4. Establecemento de convénios coas empresas locais, através da concertación coas asociacións empresariais que contemplan o compromiso da inserción laboral nas condicións que se acorde, debendo contar co apoio económico de programas de fomento de emprego da Xunta.
5. Utilización dos programas operativos do Fondo Social Europeo (FSE) dirixidos á creación de novas iniciativas e ó autoemprego, o desenvolvemento do tecido económico por meio da mellora da formación na industria; a formación de persoal empregado no turismo; o desenvolvemento rural, agrícola e pesqueiro, coa mellora da formación e o emprego dos labregos/as e gandeiros/as; a adaptación dos traballadores/as do mar a novas cualificacións; o reforzamento da educación técnico-profesional; a asistencia técnica e a formación continua de investigadores.
6. Utilización das diferentes iniciativas comunitarias, apoiadas polo INEM para facilitar a incorporación ou reincorporación ao traballo mediante a reciclaxe e a formación ocupacional especializada e os programas singulares para parados de longa duración, mulleres empregadas e colectivos en perigo de marxinação.
7. Programas orientados á formación de empresários en técnicas de dirección, planificación, comercialización, etc., e dirixidos á creación de emprego e empresas, subministrando o asesoramento técnico preciso nas etapas iniciais de funcionamento da empresa, por meio dun servizo integral de apoio.
8. Oficina de difusión tecnolóxica para as Pemes ofrecendo-lles información e formación sobre tecnoloxías da información e da comunicación, mediante cursos e convénios con centros especializados e a colaboración coas universidades.

9. Este conxunto de medidas articulará-se utilizando as posibilidades ofertadas polo INEM e organismos europeos, estatais e da Xunta, como as de promoción do emprego autónomo, de traballadores minisválidos desempregados ou para facilitar a integración laboral dos emigrantes retornados; as medidas de apoio á creación e mantimento do emprego en cooperativas de traballo asociado e sociedades laborais, así como de formación, difusión e fomento do cooperativismo e da economía social; a formación profesional ocupacional dos traballadores desocupados en centros colaboradores; a formación de demandantes de primeiro emprego sen titulación; os programas de escolas obradoiro e casas de oficio; os das iniciativas locais de emprego; as medidas e apoio aos centros especiais de emprego para a inserción laboral de minusválidos ou o mantimento dos postos de traballo; subvención para a contratación de desempregados titulados; as diversas axudas aos órganos da administración para a contratación de traballadores desempregados como os convénios do INEM coas corporacións locais para a realización de obras e servizos de interese xeral, ou traballos temporais de colaboración social; as axudas procedentes do FSE segundo o Marco de Apoio Comunitario para fomentar o desenvolvemento e axuste estrutural por medio dos sistemas de educación, formación e emprego, e as Iniciativas Comunitarias que no referente ao emprego e recursos humanos teñen como obxectivo a mellora do mercado de traballo.

5. MEDIDAS ORIENTADAS Á ORDENACIÓN TERRITORIAL PARA AS ACTIVIDADES AGRÁRIAS, INDUSTRIAIS E DE SERVIZOS

1. Programa operativo de ordenación de estradas intra-comarcais.
2. Saneamento integral das rias e planificación racional dos seus usos.
3. Recuperación medio-ambiental dos espazos degradados reconvertindo-os en espazos públicos dotados de equipamentos sociais ou dispostos para a realización de actividades económicas antes impedidas.
4. Reabilitación de determinadas zonas que actuen impulsando o comercio e hostelería locais.
5. Práctica xeral dunha política de solo empresarial en función da demanda real dos empresarios e orientada a corrixir as deficiencias das áreas e polígonos existentes, así como as consecuencias urbanísticas da desarticulación do tecido empresarial, para revalorizar o espazo e acadar melloras en:
 - A accesibilidade ás redes de transporte e comunicación
 - A calidade ambiental como factor de atracción diferencial.
 - Integrar efectivamente as unidades produtivas e de servizos produtivos, para crear efectos sinérxicos no interior e no entorno.
 - Modificación das normas urbanísticas que disocian a crecente inter-dependencia industria-servizos, buscando un punto de equilibrio entre a zonificación estrita ou a flexibilización absoluta.
 - Ordenación interna que conte coa dotación de infraestruturas (viarias, enerxía e auga, saneamento e depuración,...) e equipamentos e servizos básicos (limpeza, correos, hostelería, transporte,...) ou avanzados (xurídicos, financeiros, comerciais, técnicos,...), imprescindíbeis para un correcto funcionamento do parque empresarial.

IV. FACENDA LOCAL E POLÍTICA FISCAL

IV. FACENDA LOCAL E POLÍTICA FISCAL

O actual marco tributario local resulta particularmente inadecuado a respecto das necesidades económicas e financeiras que require o novo protagonismo municipal. Este marco é conflictivo e problemático tanto para as aglomeracións urbanas como para as áreas rurais, que presentan unha elevada dispersión da poboación no territorio. É precisamente neste ámbito rural onde se fai máis dificultosa a xestión concreta dos instrumentos fiscais, por seren de inspiración eminentemente urbana. A falta de flexibilidade herdada dun sistema de imposición real, unida á ausencia de equidade, como consecuencia da non consideración persoal do contribuínte na maior parte dos tributos que integran o sistema fiscal local, constitúen importantes grallas do mesmo.

O cenario da actividade económica local resultante do vixente marco fiscal amosa-se, pois, escasamente racional e imposibilitado para a elaboración de planos e proxectos de vilas e cidades que desde o punto de vista do interese colectivo deberían constituir o principal e máis urxente obxectivo dos responsábeis políticos da xestión pública municipal. Para o BNG a consecución de suficiencia dinámica bastante para a vida local, tanto dos pequenos concellos coma das vilas e cidades, constitúe, xa que logo, unha necesidade ineludíbel e un obxectivo prioritario.

Para resolver estes problemas o BNG defende a aprobación dunha nova Lei (estatal) de facendas locais, co obxectivo principal de acadar a suficiencia. Esta Lei deberá promover a autonomía financeira municipal tanto no que fai referencia á ordenación e xestión dos tributos como a respecto da potestade de adaptalos á nosa realidade sócio-económica.

1. PRINCÍPIOS BÁSICOS APLICÁBEIS ÁS FACENDAS LOCAIS

As políticas dirixidas á consecución deste obxectivo, deben axustar-se aos seguintes principios básicos aplicábeis á totalidade do territorio galego:

- a) Todos os cidadáns e cidadás teñen dereito, e polo tanto debe-se-lles garantir, a un nivel medio de prestacións de bens e servizos públicos locais. Para a súa consecución, é necesario favorecer o asentamento e a fixación de poboación no territorio cunha calidade e nivel de vida sen discriminacións, o que obriga a garantir financiamento bastante a todos os concellos.
- b) Promoción do benestar económico mediante a diversificación das políticas económicas locais concretas baseadas singularmente no favorecemento do emprego e na creación de infraestruturas urbanísticas, de transporte, de comunicación, sociais e de solo industrial. Actuacións que exixirían o fomento de demandas sociais solventes en ámbitos como os do deseño de proxectos económicos, sociais e culturais de carácter creativo; os da planificación do urbanismo e os de xestión ecolóxica, particularmente no que se refiren ao tratamento do lixo e a súa reutilización. O financiamento compartido e a cooperación con outros niveis da administración, especialmente coa Unión Europea, torna-se nunha existencia táctica imprescindible.
- c) Os Planos de desenvolvemento comarcal da Xunta de Galiza posúen un carácter artificial, creando estruturas que suplantán a autonomía local. As corporacións locais non precisan nas súas relacións interadministrativas da imposición de entes intermeios para desenvolver as súas competencias. O BNG concibe a comarcalización como un proceso paulatino que contaría coa participación dos concellos, e

que debería iniciarse polas comarcas xa perfectamente definidas no social, cultural, económico e xeográfico e con capacidade de actuación para dinamizar sectores produtivos básicos.

A medio e longo prazo, debe-se rachar co predomínio que através das deputacións se constitue no principal mecanismo de distribución dos planos provinciais de obras e servizos, circunstancia que debuxa un trazo de dependencia clientelar dos pequenos concellos a respecto da administración provincial que por aberrante debe ser enerxicamente rexeitado.

2. PROPOSTAS RELATIVAS AO MARCO FISCAL ACTUAL

No medio prazo, e dentro do marco fiscal actual, torna-se urxente adoptar as seguintes medidas:

a) Impostos

Ampliación da autonomía das administracións locais na ordenación e xestión dos impostos actuais. Cumpriría que fosen estas as que estableceran e actualizasen, a respecto do IBI, os catastros, mediante un procedemento áxil que os axustara aos valores de mercado e os adaptara, en cada caso, á realidade sócio-económica do territorio (asentamento, diseminación da poboación, nivel de renda e de riqueza e, sobre todo, grao medio de dotación de servizos públicos esenciais).

Deben-se favorecer impostos locais máis sensíbeis á conxuntura para permitir un axuste máis elástico do esforzo fiscal dos cidadáns á súa realidade económica concreta. É urxente e necesaria a substitución do IAE por outros tributos nos que se debe integrar un imposto censal de baixa cota, baseado nos distintos tipos de actividade e na diferente situación económica dos empresarios e dos profesionais.

b) Taxas e prezos públicos

O BNG considera que se debe dotar aos concellos galegos de suficiente poder financeiro que lles permita utilizar os seus instrumentos fiscais, particularmente as taxas e prezos públicos, para complementar a regulación das dinámicas económicas do seu territorio.

Debe-se estimular a racionalización da provisión e xestión dos servizos públicos locais ligando-os a fórmulas financeiras que permitan incorporar no prezo dos mesmos, non só o custo de subministro, senón tamén o valor do investimento financiado polo concello. No reparto das cargas, non deben ser considerados exclusivamente os criterios de eficiencia económica, senón tamén os aspectos de equidade, de tal xeito que na súa contía se incorporen criterios xenéricos que favorezan a aplicación das taxas ou prezos públicos en función da capacidade económica dos potenciais usuarios do ben ou servizo. Neste senso, a recadación por prezos públicos debe cubrir o custo do servizo prestado, sen que a recepción voluntaria impida ou merme a posibilidade de uso ou disfrute dos máis desfavorecidos economicamente.

Cumpra defender a modificación do tratamento especial que teñen na lexislación vixente as compañías subministradoras de enerxía eléctrica e as compañías telefónicas, que tributan en función da facturación realizada no territorio do concello, prexudicando substancialmente aos de menos poboación e recursos, e contradecendo asimesmo a filosofía das taxas.

c) Transferencias

Propomos a utilización de criterios de reparto alternativos aos contemplados actualmente nas transferencias do Estado, mediante a incorporación xunto co criterio de poboación, da garantía dun quiñón mínimo igual por concello, e doutras correccións de natureza redistributiva. Ademais, deberá-se arbitrar unha fórmula adicional que sirva para recoller os especiais problemas (bairros periféricos, poboación flotante, pobreza social) das grandes vilas e singularmente das cidades. O reparto municipal da Participación nos Ingresos do Estado (PIE) debería axustarse a criterios acidos á realidade dos con-

cellos galegos, para o que defendemos que esa transferencia se reciba integramente pola Xunta de Galiza, que posteriormente a distribuirá entre os concellos conforme aos criterios propios que se establecerán por lei, e que contemplarán entre outros os seguintes: extensión territorial, densidade de poboación, dispersión poboacional, etc.. Esta liña de actuación debe ser reforzada coa creación e/ou ampliación dun fondo autonómico de carácter local ó que accedan só os concellos de tamaño pequeno e mediano.

O BNG propón acadar un Plano único de obras e servizos, coordinado pola Xunta de Galiza en colaboración cos concellos. Este Plano estaría dotado economicamente polo montante dos planos provinciais, ao que se engadirían as partidas orzamentarias que destina a Xunta de Galiza, por meio das distintas Consellerías, á realización de obras e investimentos nos concellos, sen ningún criterio nen regulamentación explícita. Os criterios de distribución serían definidos por unha Lei do Parlamento de Galiza.

O Plano Único non debería mermar o montante do fondo non finalista proposto polo BNG no tocante ao financiamento das facendas locais.

Asemade, propomos a elaboración de programas divulgativos e informativos tendentes á creación dunha cultura creativa local, que sirva para dotar dunha maior eficacia as tarefas de elaboración de proxectos concretos e para intensificar a obtención e xestión de recursos procedentes dos fondos comunitarios.

d) Arrendamentos e concesións

Como principio xeral, e sempre que sexa posible, o BNG defenderá a xestión pública dos servizos municipais. O BNG defende un proceso de comarcalización real e efectivo, que dote de personalidade xurídica e capacidade operativa ás comarcas, que asumiran boa parte das competencias das Deputacións. Neste contexto, o BNG propondrá fórmulas comarcais ou mancomunadas para a xestión de determinados servizos, que poidesen resultar inviábeis ou demasiado gravosos, especialmente para os concellos pequenos e do meio rural, así como para posibilitar a oferta de novos servizos aos cidadáns e cidadás. Entretanto as comarcas non sexan unha realidade efectiva e cando non se poda acudir á xestión mancomunada, se fose necesario realizar arrendamentos ou cesións de servizos, o BNG exixirá o cumprimento íntegro dos pregos de condicións, fará un especial seguimento da calidade dos servizos prestados e procurará que as economías obtidas mediante a cesión ou arrendamento revirtan nun menor custe para os cidadáns e cidadás.

e) Enbedamento

O BNG promoverá unha solución acaída ao importante problema do enbedamento municipal, mediante a instrumentalización dun programa de garantías e avais de carácter autonómico, que constitua unha necesidade imprescindible para favorecer a solvencia financeira dos concellos.

V. ORDENACIÓN TERRITORIAL

V. ORDENACIÓN TERRITORIAL

Os concellos constitúen ámbitos territoriais e administrativos que, xunto coas entidades territoriais propias da nosa nación (comarcas e parroquias), conforman a estrutura organizativa territorial básica de Galiza. Por iso, o BNG seguirá a traballar nas institucións municipais de cara a definir e delimitar con claridade os criterios de coordinación dos proxectos relacionados coa ordenación territorial na procura da

sua integración, cara arriba, nas Comarcas, nas Áreas Territoriais Urbanas e/ou nas Mancomunidades; e, cara abaixo, nas parróquias –células territoriais básicas do ser social de Galiza-.

Asemade, o BNG sentará as bases que permitan a introdución da necesaria racionalidade no proceso de ordenación do territorio do noso país, dinamizando a xestión política municipal de xeito a que non fiquen na formal aprobación de normas urbanísticas nalguns concellos sen posibilidade de xestión das súas determinacións.

A preservación da identidade do territorio é esencial para o establecemento dun modelo económico, social e territorial autosostido. Xa que logo, desde a práctica política municipal é como mellor se poden optimizar os recursos produtivos propios, único xeito de acadar un desenvolvemento sócio-económico sostíbel, capaz de garantir no tempo un aumento do nivel e, sobre todo, da calidade de vida.

Baixo estes postulados, desde os concellos, o BNG levará adiante unha xestión que coute as agresións ao noso medio natural; ao sistema litoral; á rede hidrográfica; ás zonas acaídas para o cultivo; ás zonas de montaña; aos bosques autóctonos e, en xeral, aos sistemas produtivos propios.

1. CRITÉRIOS BÁSICOS

A Galiza é unha nación periférica verbo do Estado español e aínda máis en relación coa U.E.. O BNG defenderá, desde unha política municipal comprometida co país, o acordo acadado no Parlamento galego cara a posta en marcha dun Plano de novas infraestruturas ferroviarias para o noso país e a modernización axeitada das existentes, como premisa indispensable para que o concepto de periférico se limite a un puro accidente xeográfico carente de connotacións xeo-políticas negativas.

A correcta configuración dos sectores produtivos esenciais do noso país adquire unha importancia básica como instrumento para poder permitir a instalación e permanencia da poboación no territorio. Para tal mester tamén é esencial unha correcta política municipal. Para cumprir esa urxente demanda, desde os concellos, o nacionalismo galego traballará en tres eidos fundamentais: o económico, o social e o do coñecemento e defensa dos recursos naturais, procurando especializacións produtivas na dimensión comarcal, xestionando nas instancias doutras administracións as axudas precisas para o fomento da formación, o asociacionismo, a mellora do mercado, a creación de empresas, etc.

Promoverá o nacionalismo galego unha política urbanística e de vivenda, concorde coas necesidades reais da poboación, arbitrando medidas que faciliten a disposición do solo para a construción de vivendas acaídas a fórmulas de protección e axuda, arbitrando medidas que obriguen a recoller esa disposición á hora de redactar o planeamento xeral municipal.

Para a regulación dos usos do solo e a edificación, o planeamento terá que se elaborar tendo en conta as distintas realidades territoriais do noso país, prevendo tratamentos técnicos, normativos, económicos e financeiros en función do carácter urbano ou rural; montaña ou litoral de cada concello. Afondará nunha xestión municipal dinámica, poñendo en acción o máis amplo abano de mecanismos de xestión urbanística, utilizando os instrumentos precisos para unha áxil e realista execución das súas determinacións, incluíndo os convénios urbanísticos segundo orde de prioridades, criando e regulando o funcionamento de sociedades públicas, privadas e mixtas que permitan a xestión, etc.

Nos concellos de pouca tensión urbanística ou con escasa ou nula capacidade técnica, económica ou financeira de xestión, o planeamento fuxirá de establecer categorías de solo que exixan, decote, desenvolvementos urbanísticos posteriores, agás que se demostre inequivocamente a súa efectiva viabilidade; é dicir, cando se trate de solo maioritariamente de propiedade pública, cando se teñan producido acordos previos documentados da maioría da propiedade dos terreos do ámbito a desenvolver, ou cando se

estabelezan convénios urbanísticos onde se dé unha diáfana cronoloxía de execución das determinacións pactadas.

O BNG procurará que na aprobación do planeamento de carácter xeral se establezan os prazos máximos de realización do planeamento especial que regule polo miúdo a protección da natureza, do patrimonio histórico-artístico, etnográfico ou cultural, incluída a súa respectiva posta en valor, así como o desenvolvemento de infraestruturas básicas e de mellora do medio rural. Amais, poñerá todos os medios materiais, financeiros e humanos precisos para garantir o cumprimento dos programas, ordes de prioridades, etc., de todos estes planos, ben através dos fondos públicos (próprios ou os de outras administracións públicas), ben através das aportacións das entidades privadas colaboradoras, no seu caso.

O BNG entende como importante o obxectivo de impulsar unha política municipal que marque a priorización de accións territoriais, onde se precisen actuacións conxuntas con territorios pertencentes ás comunidades autónomas limdeiras con Galiza, así como dos correspondentes entes administrativos da Rexión Norte de Portugal. Desde os concellos afectados así se proporá á Xunta de Galiza, ao tempo que, na medida das súas posibilidades, se ofrece a documentación básica para o establecemento de convénios de cooperación que favorezan o desenvolvemento xeral de ditos territorios.

O compromiso nacionalista galego, defenderá a máis completa participación da cidadanía nos procesos de elaboración e tramitación dos planos de ordenación e os mecanismos que permitan que se cumpra a vontade popular.

2. ACTUACIÓNS SECTORIAIS

a) Urbanismo

O BNG compromete-se desde os concellos a elaborar e xestionar un ordenamento paisaxístico que preserve o necesario recoñecemento do cenário onde desenvolven a súa vida as xentes, ao tempo que se facilitan as actividades de lecer, a preservación das condicións meio-ambientais e se potencian as actividades turísticas e, polo mesmo, os recursos económicos.

b) Vivenda

-Vexan-se as medidas específicas para o acceso á vivenda da mocidade e das mulleres nos capítulos respectivos deste Programa Marco -

En materia de vivenda, o BNG levará nos concellos unha política decidida perante as administracións públicas competentes, de forma que toda persoa poida satisfacer o seu dereito á disposición dun aloxamento digno e adecuado ás súas condicións económicas, físicas e familiares, e polo tanto, a facer a xestión municipal que efective o dito dereito.

O BNG, desenvolverá políticas activas a prol da constitución dun fondo de solo urbano, garantía da promoción de vivenda protexida pública ou privada, axudando á consecución de modalidades de promoción concertada coa iniciativa privada sen ánimo de lucro, cooperativas, asociacionismo de veciños, etc. Nas cidades onde as necesidades de vivenda así o requiran, criarán-se sociedades públicas ou consorcios con outras administracións, para aumentar a oferta de vivendas de promoción pública, desenvolver políticas de rehabilitación e realizar as operacións de solo necesarias.

A vivenda rural de promoción máis común (autopromoción e autoconstrución) contará nos concellos co compromiso do BNG de concertar cos coléxios profesionais a prezos reducidos, o asesoramento técnico a proxectos e direccións de obra (nova ou de rehabilitación), baixo as máis diversas formas de colaboración (concursos de proxectos-tipo, reparto de traballo a profesionais novos, etc.).

O BNG promoverá en todos os concellos a elaboración de informes sobre as necesidades de vivenda e solo residencial e sobre a oferta de vivenda protexida existente, xestionará as áreas de rehabilitación de vivenda, elaborará a lista de adxudicatários das vivendas de promoción pública etc.

c) Patrimonio arquitectónico

Nunha política comprometida co patrimonio construído, o BNG impulsará desde os concellos a rehabilitación de edificios e vivendas, fomentando a delimitación de áreas de rehabilitación en núcleos urbanos e rurais, dotando de asesoramento técnico as actuacións e simplificando e axilizando a tramitación administrativa.

O BNG tratará singularmente os conxuntos históricos e demais elementos declarados de interese cultural, que contarán cun plano especial que contemple a protección e rehabilitación do patrimonio construído, garanta o mantimento e/ou a recuperación da poboación residente e o equilibrio de usos, primando o mantimento dos usos residenciais.

3. SERVIZOS BÁSICOS

O BNG apostará por unha política municipal que xeneralize a disposición dos servizos básicos que demanda a poboación hoxe en día. Referimo-nos entre outras ás infraestruturas seguintes:

a) Abastecemento da auga ás poboacións

Tanto no que se refire ao uso directo deste ben por parte da poboación -para beber, para o uso de hixiene corporal, para o baño, etc.- como para outros usos indirectos -pesqueiros, agrários, industriais, etc.-, mais, en calquera caso, baixo a consideración de que a auga, en condicións acaídas para cada un dos distintos usos demandados polas poboacións actuais, tamén entre nos é un ben escaso que é preciso non desbaldidar, todo concello dirixido polo BNG promoverá a elaboración dun Plano da auga (municipal e/ou comarcal, segundo os casos) que se ha guiar polos seguintes obxectivos:

- Regular e deseñar o abastecemento a poboacións.
- Satisfacer as necesidades do sector agro-pecuario
- Calcular a disposición do elemento para os usos enerxéticos, compatíbel coa utilización para outros usos e a preservación do medio ambiente.
- Estabelecer a disposición de auga para usos industriais e regular o consumo e a axeitada evacuación e tratamento, logo de utilizada.
- Calcular e garantir os caudais ecolóxicos.
- Regular os usos recreativos e turísticos
- Garantir a saúde pública con tratamentos que reduzan a contaminación ao nivel cero
- Evitar o desbaldimento do recurso
- Garantir a viabilidade económica do ben.

b) Tratamento dos Resíduos Sólidos Urbanos

- No tocante ao tratamento dos residuos sólidos urbanos, do que son responsábeis os concellos, o BNG elaborará proxectos alternativos ao que a Xunta de Galiza ten implantado como modelo único de incineración (SOGAMA); proxectos que terán como fundamento a Recuperación, a Reutilización, a Reciclaxe e, sobre todo, a diminución da produción de lixo. Procurará-se que durante o próximo mandato municipal, os concellos gobernados polo BNG reciclen, polo menos, o 50 % dos residuos sólidos urbanos xerados no seu territorio.

- O BNG levará unha práctica municipal comprometida coa reutilización e reciclado do vidro, papel, cartón, plásticos e metais, mediante a recollida selectiva, promovendo e apoiando, a creación de indústrias de reciclaxe.

- Ben de xeito municipal, cando sexa posíbel, ou comarcal ou mancomunado, e en colaboración con outras administracións, procedera-se a organizar a recollida selectiva de pilas de cara á súa inertiación ou reciclado.
- De xeito progresivo, organizará-se a recollida selectiva do lixo, separando a matéria orgánica do resto dos compoñentes do lixo.
- Estabelecerá-se tamén, onde non exista, a recollida selectiva dos chamados voluminosos: móbeis, electrodomésticos; e tamén a de todos os produtos perigosos, incluídas as medicinas. Outro tanto se tentará cos envases, e con todos os residuos que sexa posíbel reutilizar ou reciclar.
- Elaborará-se un Plano de selado e eliminación de vertedoiros incontrolados, efectivizando a desaparición desta práctica no futuro através de todo tipo de medidas de control e disciplina. Paralelamente, establecerán-se depósitos controlados para a fracción inerte dos residuos que non poda ser reutilizada nin reciclada.

c) Tratamento dos residuos líquidos

O BNG, dará prioridade absoluta á evacuación e tratamento das augas residuais. Os sistemas a empregar para iso poderán e deberán cambiar, en función das distintas variábeis a ter en conta para a solución máis correcta deste importantísimo problema dos meios urbanos e vilagos e xa tamén dos meios rurais de amplas comarcas do noso país. Isto é: establecendo o procedemento de evacuación e tratamento depurador, en función do tipo de hábitat, do número de asentamentos, dos fluxos a evacuar e tratar, dos posíbeis traxectos da conducción, da topografía, da disposición de terreos acaídos, etc.; mais tamén en función da demanda da auga, do tipo de destino ou destinos principais e do custo da mesma auga. Como obxectivo, e sempre que sexa economicamente rendíbel, abordarán-se tratamentos que tendan á reutilización da auga para usos produtivos: rego, labores de limpeza, tanto doméstica como de determinadas instalacións industriais, comerciais, etc. E ali onde sexa factíbel, por dispoñer de terreos en cantidade suficiente e prezo asequíbel, tentarán-se procedementos de depuración de carácter extensivo (outrora eficaces, pomos por caso, nas cidades que verquian en áreas con xunqueiras próximas, e hoxe aínda máis abordábeis, por mor da posibilidade de utilización de modernas tecnoloxías, coñecidas co xenérico nome de tratamento de lagoaxe), á beira ou fronte aos convencionais procedementos de depuración intensiva de agora mesmo, cuxo uso aparece cada vez máis xeneralizado. En calquera caso, procurará-se o menor impacto ambiental posíbel na ubicación e construción das EDAR.

d) Abastecimento de enerxía

A política municipal do BNG garantirá a subministración de enerxía en condicións acaídas a todas as poboacións, por meio de todo tipo de fontes enerxéticas, obrigando ás empresas fornecedoras do servizo a cumprir coas condicións exixidas, especialmente no que respecta ao meio rural, onde se procederá á comprobación do cumprimento das condicións que figuran nos proxectos de modernización aprobados e financiados pola Xunta de Galiza, investigando as condicións nas que se subministra o servizo e xestionando as necesarias medidas de supresión ou minoración dos grandes impactos de orde paisaxística provocados pola execución uniformizadora levada a cabo nos últimos anos.

Procederá-se a xestionar o cambio dos trazados de liñas de alta tensión que decorran por riba de núcleos de poboación; e ao soterrado das liñas de meia tensión e tamén ás de baixa tensión que afecten a conxuntos histórico-artísticos, contorno de monumentos, etc.

e) Equipamentos e zonas recreativas

O BNG priorizará igualmente a rápida, eficaz e racional solución dos déficits existentes en materia de dotacións urbanísticas, tanto no que atinxe aos equipamentos, como a respecto dos espazos libres e zonas verdes de dominio e uso público, facendo-o como é lóxico, cos mesmos criterios que inspiran a filosofía sobre do planeamento, isto é, distinguindo os concellos urbanos dos esencialmente rurais, os de montaña verbo dos do interior, etc. Pero partindo do feito de que aínda no concello máis pequeno é preciso que a poboación residente dispoña do equipamento comunitario (sanitario, escolar, sócio-cultural, deportivo, asistencial, etc, etc) considerado como mínimo, aplicando para a fixación dese mínimo o racional e xusto principio da economía de escala.

VI. MEIO AMBIENTE

A implicación dos concellos na preservación e xestión eficaz dun medio ambiente axeitado ás condicións de vida dos cidadáns e cidadás é unha tarefa primordial que se debe encarar non só co cumprimento da lexislación vixente e a capacidade competencial dos Concellos, senón que debe conlevar a realización de políticas positivas que procuren a mellora do medio e non a degradación do mesmo. O BNG manifesta o seu convencimento de que a protección do medio non ten porque ser un freo ao desenvolvemento económico. Moi ao contrario, hoxe máis que nunca non se entende o desenvolvemento económico se o crecemento da produción non é respetuoso co medio ambiente. Na Galiza, ademais, o medio foi tradicionalmente e ten que seguir a ser unha fonte privilexiada de recursos que constituen a base das actividades produtivas sobre as que se asenta a economía local.

As políticas de desenvolvemento local e promoción do emprego deberán prestar especial atención ao aproveitamento das potencialidades que ofrece o seu entorno natural, á posta en valor dos recursos naturais e á explotación dos novos xacementos de emprego ligados ás políticas de protección medio-ambiental.

1. PRINCIPAIS RETOS DA POLÍTICA MEIO-AMBIENTAL

Entre os grandes retos que desde a perspectiva medio-ambiental teñen que afrontar os Concellos podemos destacar os seguintes:

- a)** O tratamento dos residuos sólidos urbanos (R.S.U.).
- b)** A preservación dos recursos hídricos e o tratamento dos residuos líquidos.
- c)** A contaminación ambiental (instalacións tóxicas e perigosas)
- d)** A contaminación acústica (ruidos)
- e)** A instalación de actividades de produción de enerxía.
- f)** Os incendios forestais
- g)** A protección e preservación dos espazos naturais.
- h)** A promoción da paisaxe como ben cultural e fonte de desenvolvemento económico.

2. MELLORA DO MEIO AMBIENTE URBANO

O medre poboacional nas cidades e grandes vilas galegas, froito da concentración nelas da industria, o comercio e os servizos, non ten ido acompañado de políticas que supuxeran un aumento da calidade de

vida nas mesmas: incremento do tráfico e do ruído; perda de espazo e edificios do patrimonio público e histórico que supúñan un referente cidadán; perda de espazos de socialización e convivencia; aumento da contaminación; ben sexa atmosférica (por emisión de gases industriais e transporte), acústica (nomeadamente pola masiva utilización do vehículo privado), ou das augas (por carencia de mecanismos de depuración de residuos líquidos industriais ou urbanos); incremento caótico de construción nas parroquias circundantes do casco, sen que paralelamente medren os servizos urbanos; marxinalización de barrios urbanos e periurbanos por unhas precárias condicións de vida dos seus habitantes.

O raquitismo dos servizos municipais (saneamento, recollida de lixo,...), o medre urbanístico orientado cara a especulación e as consecuencias sociais derivadas do aumento do desemprego, teñen agravado aínda máis os problemas do medio ambiente urbano, facendo das cidades un lugar incomodo para vivir.

O BNG nos concellos impulsará políticas, ben de exclusiva xestión e financiamento municipal ou ben concertadas e/ou financiadas con outras administracións (autonómica, central ou programas europeos) que persegan a mellora do medio ambiente urbano como elemento xerador de benestar:

1. Potenciando o transporte colectivo fronte ao vehículo particular.
2. Reservando edificios e elementos de interese histórico, natural ou social.
3. Incrementando e protexendo zonas de uso público que sirvan de espazos de convivencia e lecer (prazas, parques, xardíns, zonas peonais...).
4. Elaborando Planos para a Rexeneración Integral de zonas urbanas e periurbanas singularmente degradadas que conteñan programas sociais de apoio á poboación, programas de reabilitación ou renovación das vivendas, liñas de apoio ao pequeno comercio, de reinserción laboral, etc.
5. Elaborando Planos de Mellora das Infraestruturas e do Medio nas parroquias máis afectadas polo medre da "urbanización", que busquen a súa continuidade como ente territorial, tratando de evitar a desintegración dos núcleos de poboación tradicionais, ordenando os novos, planificando os accesos e a comunicación ao casco urbano, dotando-os de servizos mínimos, etc.
6. Requerindo a elaboración de estudos de impacto ambiental para determinadas actuacións ou obras, públicas ou privadas, no territorio municipal.
7. Aprobando ordenanzas de protección do medio ambiente que regulamenten todas aquelas actividades que teñen repercusión sobre o entorno, desde as industriais até as de mera convivencia cidadán, estipulando as sancións e penalizacións pola súa infracción.

3. ACTUACIÓNS SECTORIAIS

a) Contaminación ambiental

A realización de actividades económicas de carácter industrial susceptibles de produciren contaminación, obriga a adoptar políticas municipais específicas:

- Nas actividades existentes, as políticas pasan por unha actuación de concesión de prazos para a súa adaptación á legalidade vixente, acompañadas dun control rigoroso do seu cumprimento. O BNG rematará coa práctica das compensacións e moratorias continuadas.
- As actividades de nova instalación axustarán-se a un Plano de Usos Permitidos, incardinado na normativa urbanística municipal e nos Planos Comarcais de Desenvolvemento.
- Prestará-se especial atención, neste aspecto, ás actividades turísticas, dado o seu particular grao de dependéncia con respecto á calidade do entorno ecoxeográfico.

b) Contaminación acústica

A produción de rúidos de procedéncia diversa (transporte, actividades lúdicas, produtivas,...) son debidos tanto á falla de previsión na ubicación dos usos como ao incumprimento sistemático das nor-

mativas ambientais vixentes.

O BNG obrigará ao cumprimento da normativa acústica e tentará, dentro dos Planos de Usos, de requirir espazos mínimos para a instalación das actividades lúdicas, industriais, comerciais, etc. así como unha adecuada racionalización do transporte.

c) Incéndios

Na loita contra os incéndios forestais o acento debe poñer-se nas medidas preventivas, que eliminen as súas causas de fondo, e non, como ven sucedendo nos últimos anos, nas accións dirixidas meramente á extinción. Neste senso, entendemos que a estratexia básica de loita contra o lume é a mobilización produtiva das terras de monte, así como a ordenación das masas forestais. O BNG desde os concellos tratará de viabilizar as medidas contidas no acordo do Parlamento de Galiza do ano 89, nesa dirección, e dentro das súas competencias, os concellos:

- Promoverán a creación de servizos comarcais específicos para a prevención e extinción de incéndios forestais, diversificando as súas funcións: extinción de incéndios, tratamentos selvícolas, accións de mellora do medio ambiente; unificando estas medidas totalmente separadas na actualidade e potenciando as tarefas de prevención sobre as de extinción.
- En colaboración co movemento asociativo potenciará-se, o uso racional dos montes. Nesta mesma liña de actuación, reformularán-se e incrementarán-se os convénios existentes coas comunidades veciñais en mancomún e, atendendo a un criterio de aproveitamentos múltiples do monte, asegurará-se a participación inmediata dos veciños na maior parte da renda producida.

d) Espazos naturais

O BNG nos concellos promoverá a realización do inventario municipal do patrimonio eco-xeográfico co obxecto de promover actuacións específicas encamiñadas á protección do mesmo: defensa dos espazos naturais, tramos da costa, recursos hídricos ... etc.

Impulsar políticas de protección e vixilancia especial naquelas áreas sensíbeis que por diversos factores están a sufrir un deterioro ambiental acelerado e de graves consecuencias ecolóxicas: masas forestais autóctonas, zonas húmidas, zonas especialmente erosionadas, espazos naturais de protección especial, zonas das rias e litoral.

Control e seguimento posterior do impacto ambiental das obras de infraestrutura: pistas forestais, autoestradas, autovías, portos, etc.

e) Animais abandonados

Para os animais domésticos abandonados impulsarán-se medidas coordinadas entre o Concello e outras administracións para a creación dos espazos necesarios para a súa garda e mantimento, evitando o maltrato.

4. CONCELLERIA DE MEIO AMBIENTE E CONSELLO MUNICIPAL DE MEIO AMBIENTE

O BNG entende que é fundamental a creación desta concellería, así como do Consello Municipal do Medio Ambiente, co obxecto de promover desde os mesmos unha actuación integral no campo medio-ambiental, potenciar o asociacionismo de base do mesmo e promover unha educación ambiental dirixida a toda a cidadanía que evitaria moitos atropelos ambientais e criaría un ambiente máis propicio a prol da defensa do medio.

A realización de campañas informativas sobre as prácticas tendentes á redución dos residuos e á utiliza-

ción de envases retornábeis e produtos reutilizábeis, así como do aforro enerxético, serán liñas de actuación preferente desta concellería.

VII. POLÍTICA LINGÜÍSTICA

Pésie a que nos últimos anos, na maioría dos concellos galegos, a lingua galega foi-se incorporando pouco a pouco ás actuacións administrativas e públicas da vida municipal, aínda hoxe segue existindo un importante número de concellos que incumpren totalmente a lexislación vixente en materia de normalización lingüística, ou que a cumpren só nalguns aspectos. Por outra parte, non é menos certo que aínda naquelas corporacións locais nas que máis esforzos fixeron por galeguizar a política municipal continua habendo eivas: o coñecemento do galego non se valora de forma suficiente e axeitada nas oposicións e concursos-oposición, hai unha alta porcentaxe de funcionarios e funcionarias que utilizan preferentemente o español, os estudos, proxectos e informes que se solicitan a terceiros case nunca se fan en galego, a documentación que presentan os provedores do concello segue estando en español. Ademais, reflectindo a ausencia dunha política que teña como fin normalizar o uso do galego na seo da sociedade, son poucos os concellos que dispoñen dun servizo de normalización, restrinxindo-se nos que existe, a un labor de corrección, tradución e asesoramento. O desenvolvemento destes servizos depende na maioría dos concellos das subvencións da Xunta.

O BNG defenderá unha acción política que contemple a normalización lingüística en todas as actividades políticas, administrativas e sociais da vida municipal como cuestión estratéxica, atendendo aos seguintes criterios:

1. CRITÉRIOS

1. A recuperación e promoción dos usos sociais do idioma debe ser obxectivo preferente da política normalizadora.
2. A política de normalización, que non debe ser sectorializada, abranguerá todas as actuacións administrativas, burocráticas e públicas en todas as áreas municipais.
3. Esta política exixirá un maior compromiso dos cargos políticos e do persoal ao servizo das corporacións municipais na utilización do galego, tanto de xeito oral como escrito. Cumpre rematar co uso ritual do idioma galego.

2. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACTUACIÓN

1. Cumprimento total da lexislación vixente sobre o uso do galego como lingua oficial de Galiza polas entidades locais e normalización plena da documentación administrativa, dos servizos municipais, parque móbil, ruas, prazas, topónimos, editos, bandos, anuncios, programas de festas, etc.
2. Valoración suficiente e axeitada do coñecemento do galego nas oposicións, concursos-oposición e demais probas que se realicen na administración local, seguindo os seguintes criterios básicos: as probas realizarán-se con carácter xeral e obrigatorio, exixirá-se capacidade de expresión oral en todos os casos, competencia escrita con maior dominio canto maior sexa a especialización das

funcións a desempeñar e non se valorará o coñecemento como un simple mérito acumulábel, senón como un meio através do cal se lles vai garantir aos cidadáns e cidadás o seu dereito a se relacionar coa administración na lingua propia, podendo ser, pois, unha proba de carácter eliminatório.

3. Impulsar o uso do galego, de forma oral e escrita, por parte de todo o persoal ao servizo da corporación, así como o aperfeizoamento do idioma.
4. Impulsar a utilización da lingua galega por parte de todos os cargos institucionais e en todos os planos da vida municipal.
5. Creación ou incremento das partidas orzamentarias necesarias para a dotación de medios materiais e humanos destinados ao labor normalizador.
6. Creación ou consolidación dos servizos municipais de normalización lingüística e elaboración de proxectos de dinamización da lingua, con avaliación periódica dos seus planos de actuación e resultados.
7. Acordos coas equipas de normalización lingüística dos centros docentes para galeguizar o ensino.
8. Campañas favorecedoras do uso do galego dirixidas aos distintos sectores profesionais, ás asociacións que actúan no ámbito municipal e ao conxunto da sociedade. Atendendo á promoción do seu uso escrito, publicitario, xeral, no comercio, nas asociacións deportivas e culturais; nas cafeterías, bares, adegas, discotecas; nas empresas de transporte, etc.
9. Promover o uso do galego entre a mocidade, facendo campañas de concienciación dirixidas a este grupo social.
10. Xeneralizar o uso do galego na información, programas e publicidade das emisoras e das televisións locais.

VIII. CULTURA

VIII. CULTURA

Nunha nación como a galega, cunha cultura propia que non tivo unha evolución normal, é prioritario e imprescindible para a mesma existencia actual do país, e para o noso futuro como pobo, defender a necesidade dunha política cultural definida e programada desde a nosa realidade lingüística e cultural, dunha política que teña como eixo os nosos signos colectivos máis visíbeis e duradeiros (a lingua, as tradicións, o folclore, a música popular, a artesanía, o patrimonio arqueolóxico e etnográfico, o patrimonio histórico-artístico, o teatro galego, ...) e que promova tamén, dun xeito decidido, todas as manifestacións e producións culturais que favorezan o normal desenvolvemento do noso potencial creativo: as artes plásticas, o cinema, o audio-visual, a fotografía, a música moderna, etc. Trátase, en suma, de potenciar todo o que reforce e valorice o autocoñecemento, a conciencia de que somos un pobo e a creatividade desde nós, de promover, en definitiva, unha cultura formadora e desalienante, diversificada e dinámica.

Por outra banda debe ser o noso obxectivo alcanzar a maior rendibilidade social posible do traballo cultural, que debe ser un labor diario, permanente, que crie hábito, que non teña un carácter elitista e minoritario, que impulse o asociacionismo, que aproveite ao máximo toda infraestrutura cultural e que evite a atomización e dispersión de esforzos. O traballo cultural non debe restrinxirse a datas sinaladas, e a celebracións en recintos sociais limitados e controlados onde prime o carácter ornamental. Segue sendo fundamental a existencia dunha acción sócio-cultural que actúe na base da sociedade, que estexa orientada

a unha oferta cultural ampla e que teña vocación maioritaria. Unha clave da política cultural debe ser a participación activa dos cidadáns e cidadás, tanto na programación como na realización e desfrute das actividades e dos produtos culturais.

1. LIÑAS DE ACTUACIÓN

a) Asociacionismo cultural

1. Dinamizar e fomentar a participación directa da sociedade através do asociacionismo, tanto na xestión das infraestruturas existentes como na programación cultural institucional.
2. Criar un Consello Municipal de Cultura, no que estarán representadas as distintas asociacións culturais e veciñais, e tamén artistas, técnicos ou criadores. Este Consello terá, entre outras, as seguintes competencias:
 - a) Propor as liñas xerais de política cultural municipal, así como o seu orzamento anual ou plurianual.
 - b) Participar na coordinación das actividades das distintas entidades culturais, respectando sempre a súa autonomía.
 - c) Participar na realización do inventario xeral de necesidades culturais do concello.
 - d) Participar na elaboración das bases das convocatorias de subvencións e os criterios para a concertación de convénios de cooperación do concello coas entidades culturais.
3. Favorecer o intercambio de experiencias culturais con asociacións galegas ou doutros países.
4. Promover convénios con entidades representativas do movemento asociativo para a programación de circuitos culturais.
5. Impulsar o labor asociativo na mocidade, con facilitación de locais e recursos técnicos e humanos.

b) Infraestruturas

1. Dotación de centros cívicos polivalentes para o desenvolvemento da actividade cultural (biblioteca, casa da cultura, arquivo, museo, videoteca, fonoteca, ...), ben sexa por readaptación de locais xa existentes (escolas unitarias, locais sociais, edificios desafectados de usos militares...) ou en locais de nova construción ou adaptación.
2. Estabelecer convénios de colaboración cos centros públicos de ensino ou con outras institucións ou entidades para utilizar as súas infraestruturas –principalmente bibliotecas e salóns de actos– para fins culturais abertos ao conxunto da sociedade.

c) Dinamización cultural

1. Recuperación, estudo, posta en valor e difusión de todas as manifestacións da cultura popular (artesanía, folclore, música...), promovendo a realización de inventarios do noso patrimonio etnográfico, a creación de seminarios de estudos e realización de traballos de investigación, e organizando mostras, circuitos intermunicipais, festivais...
2. Promover a catalogación, o inventariado, o estudo e o coñecemento do patrimonio histórico-artístico, arqueolóxico, etnográfico e ecoxeográfico. Elaboración de Planos Directores Multisectoriais para a súa conservación e protección en colaboración con outras institucións.
3. Apoio ao libro galego e ás publicacións periódicas en lingua galega.
4. Apoio decidido ás ensinanzas musicais e artísticas. Promoción dos grupos locais de música, facilitando-lles a utilización de locais municipais e favorecendo a súa participación en festas e festivais.
5. Apoio ao teatro impulsando a promoción do teatro afeizoado, a creación de escolas municipais de

teatro, a readaptación de espazos municipais para o teatro, e a súa incorporación ás festas. Fomento da celebración de mostras e circuitos teatrais.

6. Impulsar e divulgar a cultura visual, especialmente o cinema galego, e a produción audiovisual galega.
7. Apoio e promoción das manifestacións artísticas de mozos e mozas do Concello e creación de canles de expresión cultural que faciliten o intercambio de ideas e experiencias e, ao mesmo tempo, servan para dar a coñecer as diferentes creacións xuvenís.
8. Achegamento da música, do teatro e do cinema á mocidade.
9. Promoción do coñecemento e a investigación sobre personalidades femininas relevantes (artistas, escritoras, mulleres traballadoras,...).
10. Fomento das actividades nas que as mulleres sexan suxeitas activas, criadoras de cultura.
11. Creación ou consolidación de bibliotecas públicas integradas na Rede de Bibliotecas Municipais de Galiza, contemplando tamén as parroquias e os barrios cando a dinámica social así o demande.
12. Creación de Centros de Dinamización Cultural.
13. Creación de Seminarios de Estudos Locais ou Comarcais.
14. Promover encontros con escritores, artistas, artesáns e criadores en xeral, tanto nos centros docentes como en actos abertos ao conxunto da sociedade.
15. Impulsar a creación de medios de comunicación municipais ou mesmo de carácter comarcal (prensa, rádio e TV), que deberán usar a lingua galega e cumprir sempre unha función social e de servizo á cidadanía, velando polos criterios de obxectividade e calidade no seu funcionamento.
16. Promoción de campañas de turismo interior para o coñecemento do propio país.

d) Patrimonio cultural

- Inventariado e promoción da declaración como bens de interese cultural: bens móbeis, imóbeis e inmateriais (espirituais) de interese artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnográfico, científico ou técnico e realización de Planos Directores dos bens de interese cultural e os seus entornos.
- Realización de convénios, con particulares que teñan bens de interese histórico-artístico e/ou cultural para uso público, total ou parcial. Promoción da instalación de institucións e órganos de titularidade pública ou de uso público en edificios de valor histórico e cultural.
- Constitución de patronatos para a defensa de bens de interese cultural cando as características históricas dos mesmos así o requiran.
- Realización de inventario para o estudo e posta en valor do Patrimonio Etnográfico para a recuperación de festas populares, oficios e técnicas que sexan de interese cultural.
- Realización de inventarios sonoros das colleitas da tradición oral para restaurar a memoria histórica da tradición de lendas, contos, etc.
- Promoción do Patrimonio con finalidades: didáctica – para o coñecemento e socialización do noso legado nacional – e turística.
- Creación de museos locais ou de ámbito comarcal sempre e cando as coleccións existentes así o requiran, e existan medios para o seu mantimento posterior. Unha vez creado solicitará-se que forme parte da Rede Galega de Museos Municipais.
- Creación de hemerotecas nas vilas e cidades que contan cunha historia xornalística importante.
- Creación e ou consolidación dun arquivo municipal de carácter administrativo que conteña fondos da actividade administrativa do concello, pasada e presente, con persoal facultativo axeitado, e de existir fondos ou coleccións relevantes, creación de arquivos históricos locais ou comarcais.
- Recuperación de camiños históricos.

IX. POLÍTICA EDUCATIVA

IX. POLÍTICA EDUCATIVA

O BNG considera a educación como un servizo social básico con posibilidades de reducir as diferéncias sócio-económicas entre as persoas, e como factor esencial para o desenvolvemento integral de Galiza. Por este motivo, defendemos que a planificación e a ordenación educativa se realice de acordo cun Plano Estratéxico Global de desenvolvemento territorial, que contribua a compensar os desequilibrios sócio-económicos, demográficos e culturais que se poden derivar da nosa realidade nacional.

Nun momento no que se está a implantar con carácter xeneralizado a LOXSE en Galiza, resulta especialmente importante ter en conta estes aspectos e sentar as bases dunha estreita colaboración entre o Goberno galego e os Concellos para acadar o grao de compensación ao que faciamos referencia, e para racionalizar o financiamento da educación que permita efectivizar esa planificación.

Na actualidade, moitos concellos galegos teñen que soportar investimentos en materia educativa para suplir a falla de recursos que o Goberno galego adica ao funcionamento do sistema educativo público. Estes recursos están sendo destinados polo goberno a subvencionar o ensino privado, criando profundas desigualdades sociais, discriminando a milleiros de nenos e nenas galegas e forzando aos concellos a suplir unhas deficiencias imposíbeis de asumir polas facendas municipais.

A educación, ademais, é un ben social de carácter xeneralizado que se debe garantir por igual a todos os galegos e galegas. Por esta razón, a súa planificación e financiamento non poden depender de circunstancias singulares que impidan este carácter universal da mesma. Corresponde-lle ao Goberno galego a planificación, ordenación e mantimento do sistema educativo e, os concellos deben colaborar nesa planificación e ordenación, co fin de mellorar o funcionamento do sistema educativo na súa circunscrición municipal, pero as facendas municipais non poden suplir a insuficiencia de investimentos da Xunta de Galiza en materia educativa.

O Goberno galego e os concellos deben elaborar, para acadar este obxectivo, un acordo nacional en materia educativa que estableza unha estratexia de colaboración definida nos seguintes aspectos:

1. BASES PARA UNHA COLABORACIÓN MUNICIPAL NA POLÍTICA EDUCATIVA

a) Rede de centros educativos non universitarios

Os concellos deben ser escoitados na elaboración da Rede de Centros como máximos coñecedores das circunstancias específicas municipais e comarcais.

Nas etapas educativas de ensino obrigatorio, o BNG defenderá desde os concellos unha rede de centros axeitada ás condicións xeográficas e demográficas de Galiza, con centros educativos ubicados a nivel municipal o mais perto posíbel do lugar de residencia do alumnado, material e humanamente dotados para garantir un ensino público non discriminatorio e de calidade.

No ensino postobrigatorio (Bacharelato e Formación Profesional) o BNG defenderá desde os concellos unha rede de centros comarcal que garanta a implantación dunha oferta educativa completa.

b) Mantimento dos centros educativos

Actualmente os gastos de persoal non docente e de mantimento dos centros de educación infantil e primaria son asumidos polos concellos. Isto provoca que numerosas deficiencias non podan ser atendidas cos orzamentos municipais ordinarios.

Resulta imprescindible neste campo delimitar as obrigas do Goberno galego e dos concellos para conquistar unha uniformidade nas reformas, melloras e persoal non docente dos centros públicos, que non deben soportar as carencias financeiras dos concellos.

Os concellos deben reducir progresivamente a súa participación nestes temas para, en contrapartida, poder colaborar activamente noutros servizos complementares á educación: comedores, actividades complementares, actividades extraescolares, urbanización e instalacións complementares en colaboración con outras consellerías (Secretaría Xeral para o Deporte, Servizos Sociais, etc).

c) Cesión de terreos e urbanización dos mesmos

O BNG colaborará activamente desde os concellos na cesión de terreos e urbanización dos mesmos para equipamentos escolares.

d) Servizos complementares

Actualmente os servizos complementares son un elemento indispensable para un bon funcionamento do sistema educativo público. Por esta razón o BNG participará desde os concellos na creación e mantemento de comedores escolares dos centros non universitarios, así como de axudas ao transporte escolar da educación postobrigatoria e universitária.

e) Actividades complementares extraescolares

Estas actividades resultan imprescindibles para unha formación integral do alumnado galego. Actualmente, estas actividades realizan-se gracias ao voluntarismo e capacidade das APAS e do profesorado. Pero por diferentes motivos, en moitos centros non existen e noutros teñen que ser sufragadas polas familias, o que impide unha participación xeneralizada nas mesmas.

O BNG contribuirá desde os concellos á realización de actividades extraescolares en todos os centros educativos, colaborando co Goberno galego na oferta das mesmas mediante axudas económicas e dotación de persoal cualificado.

Nesta liña de actuación, o BNG facilitará o uso das instalacións deportivas e culturais municipais durante determinadas horas para a realización destas actividades.

f) Uso das instalacións dos centros educativos

Os centros educativos son ás veces os únicos lugares de que dispón un concello ou bairro para a realización de innumerábeis actividades: culturais, educativas, sociais, etc.. por esta razón resulta necesario que os centros públicos podan ser utilizados fóra do horario lectivo para cumprir un obxectivo social máis amplo.

O BNG contribuirá desde os concellos a un maior aproveitamento das instalacións educativas por parte da sociedade.

2. MEDIDAS DE COLABORACIÓN E PARTICIPACIÓN NA POLÍTICA EDUCATIVA

Para colaborar na conquista da calidade no sistema educativo galego, o BNG defenderá desde os concellos as seguintes medidas de actuación:

a) Educación infantil

- Exixir o cumprimento dos requisitos que deben reunir os centros para impartir esta etapa educativa.
- Promover a escolarización de todos os nenos e nenas en centros de educación infantil.
- Solicitar do Goberno galego a creación de centros específicos de educación infantil (0-6 anos)
- Promover concertos educativos das actuais escolas municipais coa Xunta de Galiza.
- Colaborar na cesión e urbanización de terreos para equipamentos docentes nesta etapa.

b) Educación obrigatória (Primaria e ESO)

- Exixir o cumprimento dos requisitos que deben reunir os centros educativos para impartir esta etapa educativa.

- Contribuír á creación e mantimento dos servizos complementares, así como á realización de actividades complementares e extraescolares nas condicións sinaladas.

c) Educación secundaria postobrigatoria (Bacharelato e Formación Profesional)

- Exixir o cumprimento dos requisitos que deben reunir os centros educativos para impartir esta etapa educativa.
- Contribuír ao funcionamento dos servizos complementares e das actividades complementares extraescolares.
- Exixir do Goberno galego unha oferta completa, cando menos a nivel comarcal, tanto de bacharelatos como de formación profesional como medida para evitar a discriminación do alumnado galego.
- En canto á formación profesional, o BNG defenderá desde os concellos (dentro dun plano galego de desenvolvemento comarcal), a implantación comarcal de ciclos superiores relacionados co desenvolvemento económico da comarca e outros que resulten laboralmente atractivos para acceder ao mundo laboral.
- O BNG contribuirá desde os concellos a unha maior interrelación e implicación do tecido empresarial co mundo educativo.

d) Ensino Universitario

- En consonancia coa planificación universitária das universidades galegas, o BNG contribuirá desde os concellos á cesión de terreos e urbanización para instalacións de equipamentos universitarios.
- O BNG contribuirá desde a política municipal a unha maior relación entre o tecido empresarial galego e as universidades galegas.
- Nos concellos con instalacións universitarias, o BNG impulsará unha política de transporte público acaída ás necesidades dos/as estudantes, con prezos asequíbeis, mediante os oportunos convénios coas universidades.
- O BNG desde os concellos, fomentará acordos coas universidades para promover a construción de residencias universitarias públicas, e para buscar fórmulas que permitan aumentar a oferta residencial para os/as estudantes, a prezos asequíbeis.
- De igual xeito, o BNG desde os concellos, procurará que a oferta residencial privada destinada aos estudantes cumpra as condicións mínimas exixíbeis de habitabilidade.

e) Bolsas e axudas ao estudo

- O BNG adicará unha partida anual dos orzamentos municipais para axudas ao estudo (material escolar, etc.), destinado a compensar as necesidades das familias máis desfavorecidas.

f) Formación ocupacional e programas de garantía social

- O BNG contribuirá desde os concellos ao desenvolvemento de programas de formación ocupacional e de garantía social, en relación coa necesaria planificación que sobre este tema debe realizar o Goberno galego.

g) Educación permanente de persoas adultas

- O BNG contribuirá desde os concellos galegos á formación permanente de persoas adultas, dentro dun Plano de erradicación do analfabetismo e de promoción laboral dos traballadores e traballadoras galegas.

h) Ensinanzas artísticas

- O BNG promoverá desde os concellos escolas municipais de ensinanzas artísticas, para aquelas persoas que fóra das ensinanzas regladas, desexen desenvolver unha actividade artística no campo da música, danza, teatro, etc.

i) Participación social na educación

Por ser un servizo público esencial, o BNG considera que as actuacións en materia educativa deben ser

abertas e solidárias, gozando dunha grande transparencia social. Resulta imprescindíbel un alto grao de colaboración entre as institucións escolares, as institucións políticas e os pais e nais dos alumnos e alunas para acadar un sistema educativo que sirva aos intereses sociais que promove.

Neste senso o BNG defenderá desde os concellos unha estreita colaboración entre os sectores implicados na educación, aproveitando a participación nos consellos escolares para promover un clima de entendimento que teña como obxectivo a defensa da calidade educativa no termo municipal.

O BNG entende os consellos escolares municipais como organismos de participación social que fagan un seguimento do grao de cumprimento das necesidades educativas, e planifique a colaboración municipal ao desenvolvemento do sistema educativo.

3. CONTRIBUCIÓN MUNICIPAL AOS PRINCÍPIOS EDUCATIVOS

Existen unha serie de valores e pautas de comportamento que non dependen exclusivamente do sistema educativo, senón dunha educación máis global e máis ampla na que deben implicar-se activamente as institucións municipais.

É aspiración do BNG fomentar actividades tanto individuais como colectivas encamiñadas a lograr unha sociedade plural, respeitosa e solidária. Neste senso, o BNG potenciará expresamente desde os concellos:

Unha educación ao servizo de Galiza. Tanto nos seus aspectos económicos como sócio-culturais, porque a partir da defensa e valoración positiva do que nos é propio, seremos capaces de integrar-nos na cultura e na economía universais.

Unha educación non discriminatória nin sexista. Que recoñeza os mecanismos, formas e procesos de discriminación, introducindo alternativas e contidos que favorezan comportamentos encamiñados a suprimir a discriminación en calquer das súas manifestacións. A coeducación social será fundamental para mudar actitudes e interiorización de estereotipos e valores sócio-culturais: traballo doméstico, coidado dos fillos e fillas, valores asociados aos sexos, etc.

Unha educación a favor da paz, o desarme e unha mellor comprensión e cooperación entre os povos. O BNG promoverá desde os concellos actuacións encamiñadas a rematar con actitudes bélicas, imperialistas, racistas, insolidárias e violentas.

Unha educación para protexer o medio ambiente. Promovendo actuacións educativas que contribúan á súa defensa e protección, como patrimonio esencial para acadar unha alta calidade de vida. Na mesma liña, promoverán-se actuacións para o coñecemento e racionalización do consumo e utilización de recursos naturais.

Unha educación para a saúde. Promovendo actuacións encamiñadas a un mellor coñecemento e coidado do corpo, así como a un maior coidado da hixiene en xeral, como bases para unha vida máis sana e natural.

Unha educación ao servizo da comunidade. Promovendo os valores da participación cidadá, e o respecto aos veciños, ás institucións municipais e aos bens e equipamentos de carácter público.

X. SANIDADE

O BNG considera a saúde como unha prioridade social que debe reflectir-se en todas e cada unha das actividades a promover desde os Concellos.

A consideración de que a saúde individual e comunitaria abrangue aspectos que van máis alá do que é a enfermidade: calidade de vida, equilibrio medio-ambiental, etc. e tendo en conta que as corporacións locais deben ter como obxectivo central acadar o benestar dos seus cidadáns e cidadás nun senso amplo e integral, o BNG compromete-se através da súa política municipal de planificación sanitaria a desenvolver os seguintes aspectos:

1. PROMOCIÓN DA PARTICIPACIÓN ACTIVA DA COMUNIDADE

Estimulará-se a participación activa da comunidade nos órganos de xestión de planificación sanitaria do concello. Entendemos esta participación como "o proceso de autotransformación das persoas en función das súas propias necesidades e das da comunidade, que crian neles un senso de responsabilidade sobre a saúde e a capacidade de actuar no desenvolvemento comunal". Co impulso da participación cidadá pretendemos:

- Identificar os principais problemas de saúde e os seus determinantes en cada localidade, barrio ou parroquia.
- Que os cidadáns e as cidadás sexan axentes activos na procura das solucións aos problemas de saúde sentidos por eles.
- Criar Consellos Municipais de Saúde para viabilizar esta participación ao mesmo tempo que exixir o funcionamento dos Consellos de Participación de Área de Saúde, contemplados na actual Lei de Sanidade.

2. PLANIFICACIÓN SANITÁRIA MUNICIPAL ESPECÍFICA

Comprende aqueles aspectos nos que o Concello ten competencias debendo concretar-se en todos os programas aqueles aspectos que claramente melloren a saúde medio-ambiental e que como mínimo abranguerá: abastecemento de auga potable, saneamento e depuración, recollida de lixo, mellora dos mercados públicos, programas para a redución da contaminación atmosférica, acústica e de vibracións, e programas (en colaboración con outras institucións) para o control das condicións hixiénico-sanitarias dos establecementos adicados á elaboración, almacenaxe, transporte e distribución de alimentos. Algunhas destas actuacións son tratadas polo miúdo no apartado de Ordenación Territorial.

a) Programa de mellora dos mercados públicos

En todos os concellos onde haxa Praza de Abastos procurará-se que os postos de alimentación estean distribuídos de xeito que se evite a contaminación dos produtos; separando os distintos alimentos por zonas: carne, peixe, lácteos, etc.

Realizarán-se actuacións de mellora das infraestruturas para que cada posto conte cunha dotación mínima de:

- Subministro de auga quente e fría.
- Ava-máns.
- Recepente para desperdicios.
- Vestiários (poderán ser colectivos).
- Servizos hixiénicos de uso exclusivo de manipuladores de alimentos.

Dotación para os usuarios da praza de:

- Servizos hixiénicos
- Lava-máns con dotación regulamentaria

b) Control das condicións hixiénico-sanitarias dos establecementos adicados a elaboración, almacenaxe, transporte e distribución de alimentos

Programa de coordinación co goberno galego que garanta as condicións hixiénico-sanitarias dos establecementos adicados a elaboración, almacenaxe, transporte e distribución de alimentos. O concello facilitará aos Servizos Oficiais de Saúde Pública información de todos os establecementos que deban estar sometidos a inspección por ditos servizos: matadoiros, lonxas, sás de despece, carnicerías, peixarías, froiterías, queixarías, dozarías, restaurantes, bares,... e en xeral todos aqueles establecementos nos que se manipulen alimentos para o consumo público.

O concello reclamará aos Servizos Oficiais de Saúde Pública informes periódicos de todos os establecementos que estexan sometidos á inspección por estes servizos exixindo que se cumpran as inspeccións periódicas que figuren no programa e a corrección das deficiencias detectadas.

As concesións de licencias de apertura e traspaso só se concederán previo informe favorábel do servizo de saúde pública.

c) Actividades molestas, nocivas e perigosas

O concello fará cumprir, dentro das súas competencias o Regulamento de Actividades molestas, nocivas e perigosas, con especial atención á contaminación atmosférica e acústica.

Desenvolverá-se un programa específico que garanta as condicións de seguridade e hixiene nos locais públicos de concentración humana: cines, espazos deportivos, parques de campismo, praias, etc.

d) Servizos veterinarios municipais

Facilitarase-lle aos veciños que o desexen a realización da súa matanza en matadoiros municipais públicos e cando isto non sexa posíbel, subvencionarase o concerto cos matadoiros privados debidamente dotados, co fin de mellorar o control sanitario e garantir a calidade do produto.

Aquelas persoas e comunidades que opten pola matanza domiciliaria deberán recibir por parte do concello:

- Información pertinente e previa á época das matanzas.
- Facilidades para a utilización gratuita dos servizos veterinarios oficiais para a garantía das condicións sanitarias da matanza.

3. PROGRAMAS INTERSECTORIAIS

Desde o concello potenciarase a colaboración con outras administracións nos seguintes campos:

a) Educación para a saúde

Fomento de hábitos saudábeis de vida en colaboración con centros educativos, medios de comunicación, equipos de atención primaria, etc.

b) Integración progresiva das cidades galegas na Rede das Cidades Saudábeis

O desenvolvemento axeitado e o conxerimento dos obxectivos citados anteriormente así como aqueles outros aspectos que a organización mundial da saúde considera en relación con: auga, contaminación atmosférica, residuos, alimentación, planos de emerxencia, habitabilidade, e saúde medio-ambiental permitirán a desexábel e progresiva integración das cidades galegas nesta rede, que o BNG procurará coa súa actuación nos concellos.

4. MELLORA DA ATENCIÓN SANITARIA

-Vexan-se as medidas específicas destinadas á mellora da atención sanitaria á mocidade e ás mulleres nos capítulos respectivos deste Programa Marco -

Ainda que a calidade da atención sanitaria non é responsabilidade dos concellos, as corporacións locais non poden ser insensíbeis ás graves deficiencias que neste eido existen na Galiza; polo tanto presentaráse unha reivindicación perante os poderes públicos (SERGAS fundamentalmente) para a mellora nos seguintes aspectos:

a) Atención sanitaria especializada

- Conseguir que nas tres grandes rexións sanitarias de Galiza se realicen as actividades médico-cirúrxicas da máis alta tecnoloxía: transplantes, etc. Investindo a tendencia actual de marxinación progresiva que sofre a rexión sul (Pontevedra e Ourense)
- Exixir a descentralización máxima da atención especializada non hospitalaría, buscando a súa práctica a nivel comarcal: dermatoloxía, cardioloxía, saúde mental, oftalmoloxía,...

b) Atención primaria

- Extensión da atención primaria por equipas a todos os concellos de Galiza, garantindo unha carteira de servizos mínimos e exixindo unha razón persoal-habitantes que permita unha atención de calidade.

c) Atención a urxencias

- Exixir a dotación de UVI's móbiles adscritas a aquelas comarcas cuxas características de dispersión e lonxanía do centro hospitalario de referencia así o aconsellen, permitindo dar maior cobertura para a abordaxe de posibles urxencias vitais.
- Reclamar o desenvolvemento dos actuais servizos de urxencias, constituindo-os naquelas zonas onde non existan, e con recursos físicos, tecnolóxicos e humanos suficientes e de calidade que garantan unha alternativa cualificada.
- Implantación de PACs (Pontos de Atención Continuada) que garantan a presenza física de profesionais sanitarios e persoal auxiliar e estexan dotados de medios materiais suficientes, contando con adscrición de ambulancia permanente, que facilite unha asistencia sanitaria aceptábel.

XI. SERVIZOS SOCIAIS

XI. SERVIZOS SOCIAIS

1. CRITÉRIOS BÁSICOS PARA A DEFINICIÓN DA POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL

Os criterios básicos que definen o noso modelo de servizos sociais son:

a) Políticas de benestar abertas á participación cidadá

Promover a participación cidadá e comunitaria na definición e execución das políticas sociais e de benestar. Os servizos sociais municipais deben ser xestionados atendendo ás demandas das entidades veciñais, organizacións sociais e iniciativas cidadás informais. Os axentes sociais deben coparticipar no deseño das políticas de benestar social, na análise de necesidades, na fixación e priorización dos obxectivos, e na execución e avaliación dos programas de intervención e prestación básicas.

b) Promoción da autoorganización cidadá

A participación cidadá na definición e desenvolvemento das políticas institucionais de benestar social necesita do reforzamento dos axentes sociais e do tecido asociativo. As institucións teñen a obriga democrática de crear un marco xurídico que garanta a participación social, e deben asumir como responsabilidade propia o fomento do asociacionismo: creando espazos de encontro e reflexión asociativa, impulsando programas de formación e achegando recursos, infraestruturas e equipamento ás

entidades sociais constituídas e as que están en proceso de formación ou consolidación. Favorecer unha mesta e dinámica trama asociativa é a mellor vía para garantir a canalización de exixencias sociais a través da mobilización, organización e autoxestión cidadán.

c) Desenvolvemento de políticas integrais para a articulación comunitaria

Impulsará-se unha estratexia de desenvolvemento que contemple globalmente todo o cadro de necesidades comunitarias e que permita despregar os programas de intervención, de modo coordinado e integral, para paliar as situacións de exclusión e marxinación e para enfrontar as causas estruturais que xeran as situacións de marxinación e impoñen as situacións de desigualdade social. A política de benestar social debe reparar en todos os déficits.

d) Priorizar as intervencións preventivas

Combater a marxinación social promovendo a igualdade de oportunidades e as intervencións preventivas. Priorizar estas intervencións preventivas contra aqueles factores ou dinámicas que debilitan as estruturas comunitarias e asociativas, avivecen a desigualdade de oportunidades, intensifican a exclusión social e impiden o acceso aos servizos e recursos públicos do benestar social.

e) Promover a igualdade de oportunidades e a solidariedade institucional

A política de benestar do concello debe favorecer que todos os cidadáns e cidadás poidan acceder a uns niveis de prestacións de bens e servizos que lles permitan satisfacer as súas necesidades básicas, concebindo a rede de servizos sociais municipais como un instrumento de igualdade social e solidariedade, baseado no seu carácter de servizo público e na súa cobertura universalista, mais a súa organización, debe contemplar igualmente accións positivas destinadas a facer efectiva a igualdade de oportunidades dos grupos e colectivos cidadáns máis desfavorecidos. Nesta perspectiva deben-se ampliar e mellorar os programas de protección básica e as prestacións económicas de solidariedade (RISGA...) e impulsar as iniciativas económico-sociais que permitan unha inserción real dos cidadáns e cidadás menos favorecidos no mercado de traballo.

f) Intervencións descentralizadas

A definición das estratexias de desenvolvemento comunitario debe atender a unidades sócio-terro-riais dotadas de identidade e coesión cultural: isto é, os bairros, en ámbitos urbanos e periurbanos, e as parroquias nas zonas rurais.

g) Normalización

A rede de servizos sociais municipais debe ser entendida como un instrumento de normalización, en primeiro lugar no senso de favorecer os procesos de inserción social, económica, cultural e comunitaria dos cidadáns e cidadás que están en situacións de exclusión e marxinación social, pero deben perseguir igualmente unha función normalizadora das manifestacións sócio-culturais e comunitarias que son propias da nosa nación.

2. CONCELLERIA DE BENESTAR SOCIAL E REORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS

A creación dunha macro-área de políticas sociais que acolla as competencias actualmente distribuídas nas concellerías e áreas de benestar social, promoción económica, mocidade, ensino, cultura, saúde...etc., converte-se nunha necesidade estratéxica. Esta macro-área sería a unidade encargada de definir globalizadamente as políticas sociais municipais e de executa-las mediante unha rede de servizos compactados. Cumpre definir un ámbito competencial máis amplo para a actual concellería na idea de crear unha Concellería de Emprego e Benestar Social que reúna todas as unidades encargadas das políticas de promoción económica e fomento de emprego local e máis a rede de servizos sociais actualmente existente.

3. INTERVENCIÓNS PRIORITÁRIAS

A curto prazo, o BNG promoverá as seguintes intervencións:

a) A reorganización do Departamento de Benestar social

Esta reorganización é necesaria para reforzar as funcións de planificación e programación das políticas sociais de benestar e crear unha estrutura de coordinación para impulsar a súa execución a través das Unidades de Traballo Social (UTS) e os Centros de Servizos Sociais Municipais. Para reforzar tanto con medios humanos como materiais unha equipa de traballo interdisciplinar que permita o deseño de novos planos de intervención intersectoriais que permitan achegar os recursos actualmente dispersos nas UTS, nos servizos especializados e mais no propio Departamento de Benestar Social. As áreas serán:

- Planificación, programación e avaliación.
- Documentación e formación.
- Prestacións básicas.
- Programas integrados e servizos específicos
- Participación comunitaria e cooperación social

b) A institucionalización de comisións interdepartamentais, para o deseño, execución, seguemento e avaliación de programas transversais como o Plano de Loita Contra a Pobreza ou o Plano de Igualdade de Oportunidades.

4. EQUIPAS E EQUIPAMENTOS DOS SERVIZOS SOCIAIS

A configuración do Departamento de Benestar como unha unidade de servizos centrais (planificación, estudo, formación, etc) e de coordinación de programas obriga a reforzar o papel executivo das actuais UTS e a ampliar significativamente o seu número.

O horizonte a seguir será a creación dunha rede municipal de Centros de Servizos Comunitarios, como equipamento colectivo básico en cada un dos barrios e parroquias e como «contentores» dunha equipa interdisciplinar encargada de desenvolver programas e prestar servizos «compactados» que enfrontasen globalizadamente todas as necesidades e demandas sociais nese territorio (laborais, culturais, educativas non formais, etc). É dicir, tentará-se, en definitiva, unificar nun único espazo físico todos os servizos e programas municipais de carácter social e cultural.

Nas actuais circunstancias políticas e orzamentarias o que se propón pode non ser máis que un «modelo de papel» imposible de ensaiar; de todos xeitos, debería ser tido como referencia na idea de limitar a proliferación de locais sociais de titularidade municipal nos barrios, a idea básica, en todo caso, é que a descentralización territorial dos servizos municipais debe ser acompañada da súa compactación nun único espazo físico, creando equipamentos de carácter polivalente abertos á participación e as iniciativas da cidadanía.

5. AS PRESTACIÓNS SOCIAIS BÁSICAS

Un obxectivo central da política de benestar social do BNG nos concellos debe ser establecer, estender e consolidar un nivel de protección básica desde as administracións locais e comarcais. Nesta perspectiva o BNG procederá a crear o marco normativo a través das ordenanzas ou regulamentos municipais que

permita o desenvolvemento das seguintes actuacións e servizos:

a) Servizo de Información e Orientación (SIO)

O cometido do servizo é asegurar información e asesoramento directo e personalizado aos cidadáns e cidadás sobre os dereitos e recursos sociais dispoñíbeis co obxecto de facilitar o seu acceso aos mesmo e así satisfacer as súas demandas. O SIO debe canalizar as peticións cidadás cara os servizos municipais de atención social específica. Mais o SIO debe ser entendido como un servizo que non só dá información, senón que asemade a procura co obxecto de facer a diagnose e avaliación das necesidades sociais e documentar as estratexias locais de benestar social. A prestación dos servizos de información deben facer-se atendendo a súa maior descentralización e achegamento aos cidadáns e cidadás e nas estratexias de comunicación deben contar de modo decidido coas entidades veciñais e organizacións sociais existentes.

b) Servizo de Axuda a Domicilio (SAD)

A nosa política respecto do Servizo de Axuda a Domicilio debe priorizar 3 aspectos: 1) a máxima extensión deste servizo asegurando o maior grao posible de cobertura; 2) estruturar o servizo para a prestación non unicamente de servizos persoais e atención de traballos domésticos, senón para a atención e dotación doutras prestacións de carácter psico-social (terápias de orientación, de estimulación cognitiva, ocupacionais e de mantimento das actividades básicas da vida cotiá), sócio-culturais (desenvolvemento de halencias sociais, etc); así como determinados servizos sanitarios e de enfermaría (pequenas curas, control de medicación, etc.); e 3) cando a prestación do SAD se realice através de convénios con empresas de servizos e Organizacións Non Lucrativas establecer os mecanismos institucionais tanto para a súa avaliación de calidade como para garantir as condicións e dereitos laborais dos traballadores e traballadoras das empresas ou organizacións concesionárias.

c) Servizo de Inserción e Convivencia Social

Que procure dar resposta ás problemáticas concretas de marxinación e exclusión social, aplicando tanto proxectos de traballo social, personalizado ou de grupo, como prestacións económicas propias. O programa de convivencia suporá para determinados núcleos de poboación a oferta de aloxamento provisional en casos de emerxencia, mentres non se estableza un tratamento definitivo.

6. PROGRAMAS SECTORIAIS ESPECÍFICOS

Ademais dos servizos mínimos de atención básica, o BNG promoverá nos concellos programas específicos para os sectores de poboación máis desprotexidos. Entre estes incluímos:

a) Programas para persoas maiores

Comprenderán servizos que faciliten a atención ás persoas maiores, facilitando a permanencia no seu meio, contemplando non só as medidas que deben ser aportadas polo propio concello senón tamén outras tais como o fomento do apoio sócio-comunitario. Entre estes servizos estarán os centros de día residenciais para válidos e non válidos e demais servizos.

Potenciarán-se as actividades educativo/culturais que faciliten as relacións intraxeneracionais.

b) Persoas discapacitadas

O BNG promoverá desde os concellos a integración social das persoas discapacitadas en toda a vida municipal, e prestará especial atención á supresión das barreiras arquitectónicas.

c) Minorías étnicas

O BNG promoverá a atención preferente ás minorías étnicas existentes no ámbito municipal, mediante programas de integración social que respeten as características destes colectivos.

d) Abordaxe do problema da drogadicción

O BNG considera que a Asistencia ao Drogodependente debe recibir o mesmo trato que calquer outra patoloxía e, polo tanto, formulará desde todos os ámbitos que sexa asumida polo Servizo Galego de Saúde (SERGAS). Neste senso, as actuacións levadas a cabo polos concellos realizarán-se coordinadas, coa máxima colaboración dentro do Plano de Drogas de Galiza.

O BNG considera que neste momento, se non existe un impulso municipal que sirva de elemento aglutinador, a Atención aos Drogodependentes e Toxicómanos aparecerá dispersa en numerosas institucións e a súa eficacia verá-se reducida. Para corrixir esta situación, o BNG propón a dotación dun Responsábel Profesional do Programa de Drogadicción, a nivel comarcal ou mancomunado, no caso dos pequenos concellos, ou municipal para as grandes cidades. Este responsábel será o que coordine a redacción e desenvolvemento integrado do Plano de Drogas nese ámbito territorial; será tamén o que supervise avalie e dé conta anualmente ás Corporacións Locais repectivas, propondo as medidas correctoras pertinentes.

As actuacións en materia de drogadicción responderán ás seguintes estratexias básicas:

Prevención

- Favorecer e facilitar as actividades de ocio saudábel, mellorando a calidade das mesmas e establecendo horarios de apertura, precisamente, nos horarios de descanso.
- Desenvolvemento de programas informativos tanto a niveis de programas oficiais de educación coma através dos medios de comunicación.
- Facer cumprir a lexislación actual sobre a venda e normas de consumo de alcohol e tabaco.

Asistencia

- Garantir a atención de calidade accesíbel ao drogadicto de forma gratuíta en orden a buscar o menor dano posíbel e a súa rehabilitación e integración social., o que levará a utilizar para a abordaxe deste problema os recursos do Servizo Galego de Saúde: Oficinas de Farmacia, Centros de Atención Primária, Unidades de Atención ao Drogodependente, Comunidades Terapéuticas, Unidades de Saúde Mental etc...

Recuperación e rehabilitación

- Facilitar programas de entramento e inserción laboral en orden a incorporar aos drogodependentes a unha vida personal e socialmente produtiva.

XII. POLÍTICA PARA A MOCIDADE

É responsabilidade das institucións públicas atender e dar resposta ás necesidades do conxunto da sociedade, desde a función de servizo á cidadanía atribuída á representación política da mesma. Non pode quedar logo fóra desa atención a mocidade, por ser parte integrante do conxunto da sociedade e por padecer ademais de xeito máis agudo e directo moitos dos problemas globais que afectan á sociedade galega.

Os eixos que sustentan o noso proxecto de política xuvenil municipal fundamentan-se na existencia

dunha estrutura dentro do organigrama institucional do concello con capacidade executiva e de coordinación interdepartamental da política xuvenil; en garantir a participación social e política da propia mocidade, potenciando a súa autoorganización; na dotación de recursos e equipamentos para desenvolver o proxecto; e na posta en marcha dun programa de actuacións sectoriais que – desde a concepción integral da política xuvenil – abranga todas as áreas de interese para a mocidade.

1. ACTUACIÓN INSTITUCIONAL

O desenvolvemento dunha política municipal orientada especificamente cara a mocidade, require que os concellos se doten dunha estrutura institucional axeitada. A actuación nesta área deberá guiar-se desde unha perspectiva integral considerando polo tanto, todos os ámbitos que lle afectan á mocidade: asociacionismo, emprego, vivenda, educación, servizos sociais,... A estrutura institucional establecida deberá asumir, polo tanto, labores de coordinación interdepartamental.

Tratará-se dun marco administrativo flexíbel e aberto ás demandas e inxedanzas do colectivo xuvenil e das súas organizacións que garanta a interlocución cos distintos axentes que teñan relación coa programación da actividade na área de mocidade. Baixo este criterio, criarás-se o Consello Municipal da Mocidade.

As dependencias do servizo deberán propiciar o achegamento da mocidade apresentando procedementos de atención áxiles e altamente simplificados. Nos casos nos que sexa preciso estas mesmas dependencias estarán a disposición do asociacionismo mozo e para as súas actividades.

2. GARANTIR A PARTICIPACIÓN

1. Constitución dos consellos locais da mocidade co obxectivo de impulsar o asociacionismo. Estes serán recoñecidos como interlocutores válidos da mocidade diante do Concello e constituirán unha forma de participación da mocidade nos asuntos públicos e na política local e de que os mozos e mozas trasladen as súas inxedanzas e elaboren alternativas. Mediante convénio ou protocolo establecerán-se as condicións de relación co concello, co obxectivo de dar-lle estabilidade e lexitimidade ante a mocidade e a sociedade en xeral. Integrarán-se nel todas as entidades que traballen en temas de mocidade ou que presten servizos á mesma.
2. O concello impulsará unha política que teña como destinatario a mocidade. Coordinará-se e canalizará-se toda a información das administracións Central e Autonómica así como a que xere o propio concello e as asociacións, da forma máis dinámica e descentralizada posíbel. Entre os soportes informativos a utilizar poderán figurar: puntos de información fixos en centros de ensino, estacións de transporte público; centros de información móbiles que permitan trasladar a información a puntos onde non sexa posíbel a situación de puntos de información permanentes; creación de seccións ou programas nos medios de comunicación local: charlas, exposicións, revistas, boletíns...
3. Elaborará-se un censo municipal de asociacións concedendo recoñecemento institucional ás rexistradas e complementando a información sobre a realidade do movemento asociativo xuvenil.
4. Procederá-se á elaboración e desenvolvemento dun Programa de impulso do asociacionismo xuvenil que deberá incluír asesoramento á vez que actúe na tramitación de formación de colectivos, na xestión, e no desenvolvemento de actividades.
5. Estabelecerá-se unha liña de axudas económicas aos distintos colectivos para que podan realizar as actividades que se propoñan en base a criterios transparentes, obxectivos e democráticos.

Consensuarán-se ademais as bases polas que se concederán subvencións e axudas ás asociacións.

3. RECURSOS

1. A estrutura do orzamento deberá estar consensuada coas entidades e asociacións xuvenis através dos seus organismos de participación. Consensuarán-se ademais as bases polas que se concederán subvencións e axudas ás asociacións. Poderán asimesmo, existir outras formas de financiamento mediante publicidade ou patrimonio, ou ben mediante cuotas ou prezos públicos en determinadas actividades.
2. Equipamentos municipais para a mocidade:
 - Casas da mocidade: centros promotores do asociacionismo mozo que sirvan de aporte físico ás actividades e iniciativas da mocidade así como de centro de encontro, información e espazo público de tempo libre e lecer. Terán un funcionamento aberto e estará composto por aqueles mozos e mozas do entorno ao que corresponda que queiran pertencer a ela mediante afiliación individual ou através dunha asociación. Elaborarán-se uns estatutos e un regulamento de réxime interno e convocará-se unha asemblea que será o máximo órgano de goberno que elixirá o Consello Xestor ou permanente. Dotará-sen dos medios técnicos necesarios para implementar as actividades que se propoñan.
 - Centros compartidos: centros públicos ou privados con posibilidade de uso social nos que se concertará a utilización xuvenil ali onde existen carencias de centros específicos.
 - Centros dependentes doutros servizos municipais: bibliotecas, instalacións deportivas onde se darán facilidades de horarios e utilización, así como rebaixas no prezo ali onde este exista.

4. ACTUACIÓNS SECTORIAIS

a) Emprego

- Elaboración dun estudo sobre a situación laboral da mocidade no ámbito municipal. Actuación do concello na liña de dar saídas laborais acaídas á realidade sócio-económica que garantan o mantimento da poboación en espazos rurais.
- Apoio institucional á promoción de experiencias empresariais, especialmente cooperativas, protagonizadas por xoves. Facilitará-se o asesoramento necesario por parte da administración como axudas económicas e fiscais.
- Criación dunha oficina de información orientación e promoción de emprego para a mocidade.
- Impulso de políticas tendentes a garantir o relevo xeracional nos postos de traballo no mar de xeito que as xubilacións non produzan perda de traballos e permitan a incorporación da mocidade.
- Impulso de novos cursos de formación profesional ocupacional adecuados ás realidades locais e comarcais.
- Incentivos para a instalación e mantimento pola mocidade de novas explotacións agrarias. Posibilitar o relevo xeracional nas explotacións familiares.
- Os concellos actuarán criando condicións para o retorno a Galiza da mocidade emigrante.
- Planos concretos de actuación sobre os colectivos xuvenís máis afectados polo desemprego e con maiores cotas de marxinación social.
- Apoio e tramitación de iniciativas empresariais e proxectos que xeren emprego xuvenil.

b) Cultura

- Apoio e promoción das manifestacións artísticas de mozos e mozas do Concello e creación de canles de expresión cultural que faciliten o intercambio de ideas e experiencias e, ao mesmo tempo, servan para dar a coñecer as diferentes creacións xuvenís.
- Facilitar a interrelación entre as entidades municipais (Casas de Cultura, Casas de Mocidade,...) e o tecido asociativo existente no concello, de xeito que se establezan convénios de colaboración e que as actividades realizadas desde o concello non interfiran ou compitan coas promovidas polas asociacións xuvenís de base.
- Promover e promocionar o uso do galego entre a mocidade, facendo campañas de concienciación dirixidas a este grupo social.
- Achegamento da música, do teatro e do cinema á mocidade mediante o apoio tanto a nivel material como financeiro por parte do concello a estas e outras expresións artísticas e culturais.

c) Ensino

- Potenciar a participación da comunidade social no ámbito escolar, procurando unha maior interrelación entre a escola e a sociedade, e incidindo, neste senso, no protagonismo que debe ter a mocidade.
- Bolsas de estudos axeitadas aos diferentes niveis de ensino.
- Convénios entre os concellos, outras institucións e as empresas de transporte para establecer descontos progresivos para os mozos e mozas estudantes, incluíndo medidas de mellora dos servizos e do parque móbil.

d) Vivenda

- Promoción de vivendas de tipoloxía acaída ás necesidades e demandas da mocidade que supoñen o uso dunha menor superficie e dun menor custe.
- Facilitará-se, de xeito racional, o acceso ás vivendas públicas aos mozos e mozas, tendo en conta o escaso nivel adquisitivo deste sector.
- A área de mocidade fomentará e dará facilidades mediante o asesoramento xurídico a mozos e mozas para que constitúan cooperativas.
- Centralizará-se nunha oficina de información as ofertas de alugueres para mozos e mozas menores de 30 anos co obxectivo de simplificar os trámites.
- Facilitará-se a merca ou aluguer de vivendas para a mocidade.

e) Sanidade

- Campañas de información e prevención da SIDA e das infeccións de transmisión sexual, dirixidas á mocidade.
- Garantir a atención no que a anticoncepción e sexualidade se refire tanto na atención primaria como na secundaria ou hospitalar, pulando pola apertura de centros de sexualidade e anticoncepción cando menos nas sete grandes cidades.
- O concello impartirá cursiños de primeiros auxílios.
- Plano municipal integral de prevención da drogadicción, tendo en conta:
 - a) Información sobre as consecuencias da drogadicción nun mozo ou moza.
 - b) Políticas de actuación en ámbitos diversos (cultural, laboral, tempo libre,...), a fin de producir un novo contexto no que non se favorezan as condicións para o consumo de drogas.
 - c) Reivindicar centros de desabitación, levando adiante planos de rehabilitación social.

f) Transporte

- Xeneralización do bono-bus nos concellos onde haxa transporte urbano, con especial atención aos estudantes e desempregados.
- Incremento de liñas e adecuación de horarios, tendo en conta as actividades da mocidade.

g) Deportes

- Fomento de actividades de mantimento físico e de competicións locais e comarcais así como da creación de escolas deportivas.
- Estabelecimento de mecanismos (actuación via prezos...) que garantan o acceso da mocidade ás instalacións deportivas xestionadas polo concello.
- Promoción de deportes autóctonos impulsando a súa recuperación e a celebración de competicións.
- Convénios de colaboración cos clubs deportivos existentes nos concellos.

h) Ecoloxismo

- O concello potenciará a educación ambiental buscando prácticas racionais de consumo, tanto individual como colectivas.
- Potenciamento do transporte público -especialmente nas cidades- e outros medios de transporte pouco agresivos co meio.
- Concienciación sobre a utilización de produtos nocivos para o meio ambiente: pilas botón, sprais...

i) Antimilitarismo

- Dar coñecimento e promover as diferentes alternativas ao servizo militar obrigatorio, no camiño de avanzar cara unha sociedade desmilitarizada.
- Fomento da paz e da non violencia (nos servizos municipais de educación).
- Demanda de recuperación para uso civil das instalacións militares.

XIII. POLÍTICAS ESPECÍFICAS DE ATENCIÓN ÁS MULLERES

Chama a atención poderosamente que se manteña -e aínda se agrande- o contraste enorme que existe entre lexislacións pretendidamente igualitarias mulleres-homes e realidade social. A nosa intención é contribuir desde todas as institucións das que formamos parte á corrección da discriminación das mulleres, propoñendo unha serie de actuacións moi concretas que camiñen cara á igualdade real. Para conseguir isto, cremos necesaria unha actuación conxunta das diferentes institucións, lembrando o importante papel que corresponde á Xunta de Galiza, á que os concellos deben reclamar o cumprimento das súas competencias, establecendo convénios de cooperación se fose necesario. Exixe ademais o tratamento político desta cuestión un compromiso de goberno horizontal, que garde unha coherencia dentro do Concello, vixiando tanto o cumprimento das diferentes políticas sectoriais (laboral, educación, sanidade, cultura,...) como a adecuada dotación orzamentaria, imprescindible para a consecución dos obxectivos propostos. Só desta maneira se pode chegar a considerar a subordinación das mulleres nesta sociedade como un problema que debe ser abordado cun criterio permanente de actuación política. Parece-nos tamén fundamental que exista unha avaliación anual dos resultados conseguidos, de tal maneira que poidamos ir facendo as correccións oportunas e analisando o labor realizado.

1. ALTERNATIVAS INSTITUCIONAIS

En todos os concellos haberá unha Concellería da Muller, encargada de marcar as liñas de actuación neste campo e de que se executen todas aquelas medidas que se decidan levar a cabo. A primeira actuación desta Concellería debe ser a análise e avaliación dos diferentes Planos para a Igualdade de Oportunidades e de Trato para as Mulleres da Xunta de Galiza para a elaboración dun propio no que se faga unha adaptación a cada concello en particular.

Naqueles concellos onde xa exista un Plano de Igualdade, a primeira actuación será o seu estudo e avaliación, corrixiendo e modificando todo aquilo que fose preciso.

O seguinte obxectivo será o fomento do asociacionismo feminino e a participación das mulleres en todos os ámbitos sociais. Para iso, a Concellería dotará-se do instrumento que considere adecuado e viábel de coordinación entre os grupos de mulleres existentes no Concello, podendo, nos concellos de maior tamaño ou onde o requiran as circunstancias, criar-se un Consello Municipal da Muller.

En cada concello debe existir un Centro de Información Municipal conectado coa Axencia de Desenvolvemento Local e Emprego. Este centro debe contar cunha equipa cualificada de profesionais e ofrecerá asesoramento sobre cuestións laborais, dereitos, maus tratos, etc. para o que deberá contar cun orzamento específico axeitado ás necesidades de cada concello.

Os casos de violencia doméstica e maus tratos en xeral supoñen a expresión máis forte da violencia machista que debemos combater. Para iso, debe estar garantida a atención a todas aquelas viciñas que solicitaren Asesoría ou Asistencia xurídica, exixindo o Concello á Consellería de Familia, Muller, Xuventude e Fomento do Emprego que se preste este servizo naqueles concellos en que, por cuestións orzamentarias, non se puidese levar a cabo.

Na procura de ir dando pasos cara a unha necesaria transformación social na que homes e mulleres convivamos nun mundo máis xusto e igualitario, cremos fundamental a realización de campañas masivas de sensibilización a respecto da violencia de xénero promovidas polos concellos. Esta publicidade institucional irá dirixida a eliminar e combater calquer forma de sexismo e a lembrar a igualdade de dereitos entre homes e mulleres. Non se consentirá, pois, como é lóxico, publicidade e propaganda sexista.

Nos casos de agresións ou mal trato, os concellos comprometerán-se a que todas as mulleres que se atopen nesta situación teñan garantidos os servizos de información, acollida e asesoramento necesarios, procurando, sempre que se vexa conveniente, a comarcalización destes servizos.

- Procurarán-se bolsas favorecedoras de postos de traballo para as mulleres, ben en convénio coa Consellería de Familia, Muller, Xuventude e Promoción de Emprego, ben con cupos de traballo favorecido para contratación propia.
- Favorecerá-se que tanto as familias monoparentais como as mulleres que sufran situacións de violencia doméstica teñan acceso a vivendas sociais.
- Instruirá-se á Policía Local, sobre Protocolos de Atención a Mulleres, no senso de gardar o debido respecto e facilitar todas as xestións que a(s) interesada(s) demanda(n).

2. ACTUACIÓNS SECTORIAIS

a) Economía

- Os concellos, na medida das súas posibilidades, tratarán de favorecer o acceso das mulleres ao mercado de traballo, contribuíndo, deste xeito, á superación da cotiá discriminación laboral por razón de sexo.
- Os concellos fomentarán, nas súas contratacións e en igualdade de condicións, medidas de acción positiva encamiñadas a conseguir postos de traballo para as mulleres.
- Fomentará-se a participación das mulleres nos cursos de capacitación organizados polos concellos xunto con outras institucións para a súa incorporación ao mundo laboral.
- Promoverá-se a formación de cooperativas de mulleres.
- Os concellos buscarán recursos dos Fondos Comunitarios para levar a cabo diversos Programas para favorecer a inserción laboral das mulleres.

b) Sanidade

- Os concellos reclamarán a asunción por parte do SERGAS da obrigatoriedade de prestar a todas as mulleres servizos específicos de saúde.
- Potenciarán-se servizos de asistencia a enfermos crónicos e terminais.

c) Ensino

- Criación (ou no seu caso ampliación) de garderías públicas en todos os concellos, con horarios axeitados aos horarios laborais.
- Reclamación á Consellería de Educación da necesidade de garantir na rede pública a existencia do ensino infantil en todos os coléxios.
- Fomentarán-se iniciativas, criterios, campañas,..., de coeducación para o ensino.

d) Deporte

- Fomentar as Escolas Infantís de Deporte velando pola superación da discriminación das mulleres. Neste senso, en todas as subvencións que outorgue o Concello, este velará porque non se incorra en nengunha forma de sexismo (nen na admisión de participantes nen nos premios outorgados).
- Incentivará-se a práctica do deporte nas mulleres de todas as idades, procurando evitar calquer tipo de discriminación e procurando que existan espazos e horarios axeitados para esta práctica.

e) Servizos Sociais

- Constatando-se que a maioría dos beneficiarios dos Programas de Servizos Sociais son mulleres, xa que aínda as cargas familiares seguen a ser da súa competencia case exclusiva, será necesario, se queremos mellorar a súa situación e promover a súa integración laboral, reservar dentro do orzamento xeral, unha partida importante para este capítulo.

f) Cultura

- Realizarán-se campañas de alfabetización en convenio coa Xunta de Galiza a través da Educación Permanente de Persoas Adultas.
- Promoverán-se o coñecemento e a investigación sobre personalidades femininas relevantes (artistas, escritoras, mulleres traballadoras,...).
- En todo caso, fomentarán-se aquelas actividades nas que as mulleres sexan suxeitas activas, criadoras de cultura.

XIV. DEPORTE

XIV. DEPORTE

-Véxan-se as medidas específicas destinadas á promoción do deporte entre a mocidade e as mulleres nos capítulos respectivos deste Programa Marco -

Desde moi diversas perspectivas a posibilidade de desenvolver a actividade físico-deportiva representa unha demanda social que para moitos cidadáns e cidadás constitue un indicador de calidade de vida. Polas repercusións que ten para un desenvolvemento integral da persoa nos máis novos, como un hábito saudábel, como diversión ou lecer, ou pola súa dimensión social no que se inscribe tamén o deporte de competición son entre outros factores que determinan a necesaria atención dos poderes públicos a política sobre a actividade físico-deportiva.

A situación actual amosa claramente que a meirande parte dos concellos carecen dos medios e capacidade de xestión necesarios para afrontar as súas competencias en materia deportiva, até o punto de que se

pode afirmar que no noso país, o deporte e a práctica da actividade física non están ben atendidos por ningún dos niveis administrativos. Só os concellos grandes, de máis de 50.000 habitantes, teñen servizos estábeis de deportes. Os concellos medianos intentan ter servizos de deportes pero con características moi diferentes, e normalmente con criterios economicistas. Por último, os concellos pequenos, de menos de 5.000 habitantes, teñen sérias dificultades para cumprir a lexislación no aspecto de promoción da cultura física, debido principalmente aos poucos recursos e ao elevado grao de dispersión da poboación.

Nos centros de ensino infantil, primario e secundario, hai carências de moi diverso tipo e segundo os casos: de infraestruturas, de técnicos, de asociacionismo de base; e sobre todo que nen sequer se aproveitan acadamente as infraestruturas existentes nos centros para completar fóra do horario escolar e alén dos casos loábeis de voluntarismo existentes, unha oferta físico-deportiva supervisada tecnicamente e de fácil acceso para os xoves en idade escolar.

No caso dos adultos non existe oferta pública normalizada nos concellos, e fronte a posibilidades que existen nalguns producen-se as carências máis evidentes na maioría. Carências que se poden xeneralizar no caso da terceira idade onde só en moi escasos núcleos urbáns existe algunha oferta pública.

O deporte de competición, agás o profesional, e nalgunhas modalidades o de alto nivel, non ten por parte da política deportiva perfectamente definido e atendido o papel que pode e debe cumprir como complemento e estímulo para a xeneralización da práctica da actividade físico-deportiva.

A protección, impulso e recuperación dos deportes autóctonos é practicamente inexistente.

Con este panorama debemos entender o deporte como o marco de actividades no que concorren grandes sectores da poboación que o entenden e o practican con finalidades distintas. As actividades físico-deportivas, converten-se nun feito de transcendencia social, asumido e demandado polo conxunto da sociedade que as conciben como necesarias para mellorar a forma física, a saúde e a calidade de vida ou como un xeito de desfrutar do lecer.

Desde esa perspectiva é como interpreta o B.N.G. o papel que deben asumir os poderes públicos en relación coa actividade físico-deportiva e que sen esquecer outros aspectos debe orientarse fundamentalmente a:

- Garantir a posibilidade do acceso á actividade físico-deportiva para todos os cidadáns e cidadás que o demanden sen discriminacións por razón xeográfica, de sexo, de idade, etc., e coa adecuada supervisión técnica.
- Promocionar, completar e coordinar o tecido asociativo deportivo no eido do deporte para que complemente o papel dos poderes públicos.
- Presta unha especial atención ao deporte escolar e de base optimizando as infraestruturas existentes.
- Contemplar o deporte de competición no senso amplo e non só dos deportes masivos e enténdelo como un estímulo e complemento da práctica da actividade físico-deportiva.

1. OS CONCELLOS COMO PROMOTORES DA ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS

Partindo pois das premisas anteriores e tendo en conta que a demanda de actividades físico-deportivas é plural e diversa, tanto pola tipoloxía que se require canto polos colectivos, persoas e territorios, parece necesario pensar que o nivel municipal ou comarcal é o máis acaído desde a perspectiva pública para dar cumprida e adecuada resposta á demanda da actividade físico-deportiva dos cidadáns e cidadás.

Daquela a necesidade de que se dirixa a acción de política deportiva das administracións públicas a facer que no nivel máis cercano á poboación se dé adecuada satisfacción a unha demanda social. Tendo en

conta que a política deportiva do B.N.G. debe orientar-se en función das necesidades e realidades das persoas, procurando inducir a práctica deportiva naqueles colectivos onde a demanda está ausente, ser solidaria no conxunto territorial que o confina e sempre respeitosa co medio ambiente.

Desde esta perspectiva será necesario reclamar un cambio na política deportiva que se leva desde a Xunta para que realmente responda, en colaboración cos concellos, ao que debería ser o obxectivo fundamental dos poderes públicos en relación coa actividade físico-deportiva: facilitar o acceso a mesma de todos os cidadáns e cidadás que o requiran atendendo a diversidade e pluralidade da demanda.

E neste contexto no que se deben enmarcar os obxectivos de política deportiva local e que precisarían un impulso da Xunta na dirección que a seguido propoñemos:

2. OBXECTIVOS DA POLÍTICA LOCAL DE DEPORTES

- a)** Pular a creación de servizos ou escolas municipais ou comarcais de deportes que non substitúan pero completen e reforcen o tecido asociativo deportivo existente. E que terían que responder os seguintes criterios:
 - O seu obxectivo fundamental debe ser facilitar o acceso á actividade físico-deportiva, a todos os cidadáns e cidadás que o requiran.
 - Contar con persoal técnico e de animación con cualificación para exercer unha adecuada supervisión.
 - Inventariar o tecido asociativo e avaliar as eivas existentes para completar en función da demanda a oferta deportiva.
 - Coordinar e impulsar as distintas actividades físico-deportivas que se desenvolvan no seu territorio.
 - Realizar un censo de instalacións deportivas públicas e optimizar o seu uso.
- b)** Impulsar a optimización das infraestruturas escolares para, en colaboración coa administración educativa, co tecido asociativo deportivo, e coa administración deportiva, a atención fóra do horario lectivo aos xoves en idade escolar. Nese senso a colaboración coas asociacións deportivas que reciben subvención e coa coordinación dos servizos municipais ou comarcais de deportes impulsará-se o establecemento de escolas deportivas escolares que atenda aos xoves fóra do horario escolar.
- c)** Creación de circuitos populares en base a infraestruturas que permitan a realización da actividade físico-deportiva en contacto coa natureza.
- d)** Estimulo á potenciación dos deportes autóctonos e tradicionais na comarca e en Galiza.
- e)** Impulso ás competicións e manifestacións deportivas de carácter popular.
- f)** Promoción técnico científica para fornecer de coñecementos mínimos aos cidadáns para que desenvolvan unha actividade físico-deportiva sen risco e dacordo coas súas posibilidades. Organización de cursos, conferencias e creación de seccións deportivas nas bibliotecas municipais
- g)** Aproveitamento da complementariedade entre a oferta turística e a deportiva.
- h)** Impulsar e potenciar en base a criterios obxectivos claros e públicos o asociacionismo deportivo de base.

